# O SEÑORÍO XURISDICIONAL DA *VILLA* E *PUEBLA DE ADAY*: A QUERELA DE FORZA SOBRE REGALÍAS XURISDICIONAIS INTERPOSTA POLO CONDE DE LEMOS CONTRA OS VECIÑOS DO COUTO DE MOREIRA

*Qualquier ome que lo oya, si bien trobar sopiere,// puede más añadir e emedar si quisiere:// Ande de mano en mano a quienquier que lo pidiere*
LIBRO DO BO AMOR
Juan Ruíz, Arcipreste de Hita

**García-Gabilán Sangil, Marco A.**

*Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional. Secretario do Concello do Corgo.*

**Dedicatoria**

*A don Francisco Javier Giménez Miralles, exvicesecretario da Deputación Provincial de Lugo, mestre de Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, compañeiro e amigo, quen abriu os meus ollos ao Dereito Administrativo Local e Urbanístico.*

## RESUMO

Este artigo trata sobre a querela de forza interposta polo conde de Lemos en 1782, diante da Real Audiencia de Galicia, coa pretensión de incluír aos veciños de Moreira baixo a súa vasalaxe. Os autos formados amosan unha valiosa información da Xurisdición de Adai: o seu termo, os seus xuíces, o seus partidos fiscais...; pero tamén daquel couto, que desde antigo pertencía ao mosteiro de Meira por doazón da condesa dona Sancha Fernández de Traba.

## ABSTRACT

This article deals with the complain of force filed by the Count of Lemos in 1782 before the Royal Court of Galicia with the intention of including the residents of Moreira under his vassalage. The documents forme in this legal case provide valuable information about Adai´s jurisdiction: its territorial scope, its judges, its fiscal districts..., but also of that estate which had long belonged to the monastry of Meira by donation of the Countess Doña Sancha Fernández de Traba.

## PALABRAS CLAVE

Señorío, poder local, nobreza, propiedade xurisdicional, propiedade territorial, privilexios locais, privilexio real de exención de trabucos, querela de forza, condado de Lemos, xurisdición da Vila e Póboa de Adai, Mosteiro de Meira.

## KEYWORDS

Manor, local power, nobility, jurisdictional property, territorial property, local privileges, royal privilege of tax exemption, complaint of force, Lemos County, jurisdition of the town and Puebla de Aday, Meira Monastry

## 1 LIMIAR

A finais do século XVIII, en datas relativamente próximas á finalización do Antigo Réxime, os veciños do Couto de Moreira declinaron pertencer á Xurisdición da *Puebla de Aday*. Había tempo que non participaban nas xuntas plenarias, que se celebraban a comezos de xaneiro de cada ano, na vila de Adai, como cabeza de partido, nin aceptaban os cargos para os que resultaban elixidos. Esto supoñía un desacato que ía contra a autoridade de quen se consideraba o seu señor xurisdicional, o conde de Lemos, e tiña por finalidade librarse das diferentes gabelas e doutras cuestións que atentaban, na súa opinión, contra un privilexio que gozaban desde antigo. O conde de Lemos, a través do seu representante, interpuxo unha querela de forza[1] sobre regalías xurisdicionais contra os veciños do citado couto, perante a Real Audiencia de Galicia, coa pretensión de obter un auto ordinario ao seu favor, para que os do Couto

[1] ARG.-rag-01474-10. Que ten por título: Auto Ordinario pola Xurisdición Civil e Criminal da Puebla de Aday e que debe corresponderse en ela o couto de Moreira.

de Moreira desistisen na perturbación da posesión do seu señorío xurisdicional.

Non se trata dun caso illado: o 16 de marzo de 1771, a meirande parte dos veciños do Couto de Cedrón, hoxe termo do Concello de Láncara, continuaban un preito, ante o *Consejo de Hacienda*, contra o seu señor xurisdicional[2], D. Andrés Saco e Abraldes, que iniciaran tempo atrás contra seu pai, D. Luis de Saco e Quiroga, no que solicitaban que se lles eximise do citado señorío así como a incorporación deste á Coroa, alegando que aqueles -D. Luis e D. Andrés-, carecían de título lexítimo para a súa posesión. A pretensión dos veciños, segundo declararon, era librarse das tiranas gabelas señoriais: a luctuosa, o diezmo da sal e do peixe, entre outras; así como dos excesos cometidos polos xuíces ordinarios nomeados polos citados señores.

Aínda que en procesos xudiciais en instancias diferentes, xa adiantamos aquí, que remataron con sentenzas de diferente contido: o Couto de Cedrón seguiría sendo señorío xurisdicional dos Saco; pola contra, os veciños do Couto de Moreira non poideron ser incluídos no señorío xurisdicional de Adai, nos termos que logo veremos.

O réxime señorial galego, que exemplificamos con estos dous casos, durou ata ben entrado o século XIX, aínda que xa a comezos deste século[3], nos debates nas sesións das Cortes de Cádiz, nos prolegómenos da Constitución doceañista, varios deputados galegos analizaron o grave problema dos señoríos xurisdicionais en Galicia, no só pola fragmentación do poder que supoñían, senón tamén polos diferentes abusos que os señores xurisdicionais exercían sobre os veciños -en realidade vasalos-, a través das xustizas nomeadas por eles e polos custosos trabucos de vasalaxe aos que estaban suxeitos[4].

## 2 A XURISDICIÓN DA PÓBOA DE ADAI

### 2.1 Algunhas noticias coñecidas da Xurisdición de Adai

Nun artigo anterior comentabamos que a Xurisdición da *Villa y Puebla de Aday* foi o xermolo do primeiro concello constitucional, que adoptou o mesmo nome, e que comezou andar trala Constitución de 1812. E este, á súa vez, o foi do actual Concello do Corgo, que se constituíu a partir de 1841[5].

Pola contra, non podemos determinar con precisión cal foi a orixe desta xurisdición. Atopamos algunha pegada en diferentes documentos: o señor de Torés e os seus estados, Fernán Díaz de Rivadeneira, no seu testamento outorgado en 1451, declaraba que lle pertencían certo número de vasalos nas Póboas de Adai, Neira e San Xiao e nos seus alfoces, que recibira por doación do conde de Trastámara[6].



*Fachada sur do pazo torre na vila da Póboa de Adai (Santiago de Adai-O Corgo). Foto de Marcos Guimarey Vázquez*

[2] AHN. Consejos 24140, Exp 4.-: O 15 de marzo de 1761, D. Luis Saco respondía á demanda, no seu descargo, que: *[...] posehía la jurisdicción por vínculo y mayorazgo como sexto nieto de Dª Ynes Gonzalez Rivadeneira a quien habia correspondido en partija y dismembración de la jurisdizión y fortaleza de Torres (Torés) de que era actual possehedora la Marquesa de Parga según resulta de autos P. Corr. Fol. 1º al 4º[…]*

[3] O Decreto de 6 de agosto de 1811 suprimiu os señoríos xurisdicionais de calquera clase e condición que fosen. A partir da súa entrada en vigor todas as xustizas e demais funcionarios públicos serían nomeados como se facía nos pobos de realengo. Os correxidores, alcaldes maiores e demais empregados cesarían desde a publicación deste decreto, a excepción dos concellos e alcaldes ordinarios que permanecerían ata final do ano. Fernando VII derrogou á súa volta a España esta norma.

[4] SAAVEDRA, PEGERTO.-: Contribución al estudio del régimen señorial gallego, dentro do proxecto de investigación «Historia agraria de Galicia, ss XVIII-XX»

[5] GARCÍA-GABILÁN SANGIL, M.- O Concello do Corgo: unha primeira achega á súa orixe. Das xurisdicións de Adai, Arxemil e Manán de arriba ao concello constitucional da Villa y Puebla de Aday. Revista A CORGA, nº 10. Edición Centro de Estudos do Corgo.

[6] PRESEDO GARAZO, A.- Élite Hidalga y poder señorial en Galicia: principales mecanismos de acceso (1480-1650). Este autor estudia as estratexias dos fidalgos para acceder aos señoríos así como os conflitos que xurdiron no control dos coutos. Unha das casas señoriais obxecto da súa análise é Torés, no que cita o testamento de Fernán Díaz de Ribadeneira, conservado no AHUS, ADM, Torés, m. 80, leg 5, nº 35

Case un século máis tarde, Carlos I, por Real Cédula de 1 de maio de 1543, concedeu o marquesado de Sarria a D. Fernando Ruíz de Castro. Un documento antigo infórmanos que a vila de Sarria tiña, por aquel entón, un alcalde maior con xurisdición na Puebla de Sarria e nas súas 27 freguesías, con 550 vasalos, e nas *Pueblas de Triacastela, Neira de Jusá, de San Julián y de Aday […]* [7].



*Escudo da casa-pazo de don Bentura Sánchez de Yebra no lugar do Pazo, en San Xoán de Trasliste.*

Parece que estas catro *pueblas* estiveron, desde aquel tempo incluídas no marquesado de Sarria, alomenos desde un punto de vista administrativo e xurisdicional. Así parece deducirse da escritura outorgada o 6 de xuño de 1790, entre don Domingo Antonio Núñez Casanova, *Visitador General* dos Estados de Lemos, e don Bentura Sánchez de Yebra, Administrador-Mordomo das Rendas do Marquesado de Sarria.

Nesta escritura capitulouse a maneira na que don Bentura tiña que servir a referida mordomía, e na que ademais se lle designaba receptor de rendas de penas de cámara, cuxo dereito pertencía á condesa de Lemos por Reales privilexios, tanto no Marquesado de Sarria como en *sus quatro pueblas de San Julián, Neira de Jusá, Adai y Triacastela para lo que ha de ser obligación de este dicho, recojer anualmente testimonios de los Juezes y escribanos en que Expresen las condiciones de penas de Camara que ha avido, aciendo la cobranza dellas...* [8].

Está claro, tanto nesta escritura como no preito que se analizará, que os condes de Lemos administraban a xustiza na *Puebla de Aday*, polo menos en primeira instancia, nos termos que logo veremos, a través dos alcaldes e xuíces ordinarios que nomeaban; no entanto, destes documentos non se pode determinar a concreta data en que esa regalía pasou ás súas mans, nin o título e o modo da súa adquisición, ben fose por compra, doazón, privilexio ou prescrición inmemorial, porque como é sabido no Antigo Réxime a impartición da Xustiza pertencía exclusivamente ao rei, ao ser unha manifestación do seu poder soberano; aínda que na práctica a función xurisdicional (a potestade de xulgar) estivo noutras mans: bispos, cidades ou señores xurisdicionais[9], como sucede no presente caso, segundo se pode constatar na información que deron no seu día

[7]VÁZQUEZ SEIJAS, M.- Fortalezas de Lugo y su provincia, Tomo II. Editorial La Voz de La Verdad, 1959: no capítulo adicado á fortaleza de Sarria, Vázquez Seijas explica que o P. Solveira, en "Papeletas Geográficas, di que na Real Cédula de concesión do citado marquesado hai unha interesante descrición da vila de Sarria: […] con alcalde Mayor con jurisdicción en la puebla de Sarria y en sus 27 feligresías, con 550 vasallos, y en las pueblas de Triacastela, Neira de Jusá, de San Julián y de Aday […] Archivo Histórico Nacional Est. 21, leg. 124.

[8]AHPL.-SECCIÓN: PROTOCOLOS NOTARIAIS DE SARRIA. Atado 05306-01. A escritura outorgouse, na data citada, ante o escribán de número de Sarria, o fidalgo don Joseph de la Peña Mosquera.

Segundo consta no documento notarial, Don Bentura Sánchez de Yebra era veciño da casa de Quintela, en San Xoán de Trasliste, na antiga Xurisdición de Láncara e, polo tanto, residente nun lugar próximo aos límites da Xurisdición de Adai.

Con anterioridade á data desta escritura pública, en concreto, o 21 de decembro de 1789, a Excma. Señora Dona Carolina Augusta, princesa de Stolberg, duquesa viuda de Berwick, Liria e Veragua, condesa de Lemos, marquesa de Sarria, Vilalba e Andrade nomeouno en propiedade mordomo de rendas e receptor das rendas de penas de cámara do marquesado de Sarria e das catro póboas citadas, recibindo como retribución un 2% do diñeiro que remitise á tesourería da duquesa en Madrid, en concepto da súa condución e outros riscos, ademais de vintecinco fanegas de centeo anuais, máis outra ducia de trigo por la *medida nueba a los balores a que se beneficiare el de su Excelencia a los que comunmente se pongan en la Capital, con más seiscientos ochenta reales vellón en dinero efectivo, en que se incluyen cien reales que se abonarán a su antecesor por papel y porte de cartas: e higualmente se le abonará el tres por ciento por razón de mermas de zenteno que recoxiese en la panera de su Excelencia[...]*

Dona Carolina actuou como curadora da persoa e bens do seu fillo Don Jacobo Fitz James Stuart, Silba, Portugal e Toledo, Gran Almirante das Indias, Adelantado Maior delas, duque, conde e marqués dos mesmos títulos.

A escritura que traemos aquí outorgouse unha vez que Don Bentura deu as correspondentes fianzas, que recibiu e aprobou o Excusador na Administración da Xustiza do xuíz da Póboa de San Xiao, Don Bentura Bolaño Neira e Carbaxales.

[9]LÓPEZ DÍAZ, MARÍA. -La administración de la justicia señorial en el antiguo régimen. Proxecto de investigación BHA2003-02417, subvencionado polo Ministerio de Ciencia y Tecnología.




*Plano da antiga xurisdición da Vila e Póboa de Adai segundo o Censo de Floridablanca, elaborado por Carlos Escudero Roldós*

algunhas das testemuñas no preito ao que nos referimos. O certo é que o conde de Lemos *[…] hes Dueño Jurisdicional de la Jurisdicion de la Puebla de Aday y como tal pone en ella Jueces, Escribanos y demás ministros de justicia [...]*, así o expresa a querela de forza presentada por Francisco Esteban de Santiago Piñeiro, en nome daquel, ante a Real Audiencia de Galicia o 5 de xullo de 1782; porén do seu tenor literal non podemos determinar a data desta regalía: *[...] hallandose mi partte por medio de dichos Jueces en la expresada rregalia y posesion desde uno, diez, veintte, treinta, quarentta, Cincuenta y mas años, ttiempo ynmemorial a esta parte a vista ciencia y consentimiento de los querellados y los demas Jueces y vecinos [...]* O que confirman as testemuñas do preito, entre outras, don Manuel de Neira e Páramo, veciño de Hospital de Chamoso, quen foi xuíz na Xurisdición de Adai: *[...] allándose el señor conde de Lemos y sus antecesores por medio de los referidos Jueces de dicha Jurisdicion de Aday en la expuesta regalía y posesión a lo menos desde la acordanza del que declara que pasa de quarenta y ocho años, y según es bien publico y notorio desde tiempo inmemorial a esta parte [...]*

## 2.2 O termo do señorío xurisdicional da Vila e Póboa de Adai

COMPARATIVA DAS PARROQUIAS QUE INTEGRAN O TERMO DA XURISDICIÓN DE ADAI SEGUNDO O CENSO DE FLORIDABLANCA E O ALISTAMENTO DE 1775

| **CENSO FLORIDABLANCA** | **ALISTAMENTO XERAL DA CIDADE, XURISDICCIÓN E PROVINCIA DE LUGO ANO 1775** |
|---|---|
| ADAI (Santiago) | ADAI (Santiago) |
| ANSEÁN (Sta. Catarina) | ANSEÁN (Sta. Catarina) |
| ARCOS (S. Paio) | ARCOS (S. Paio) |
| BERGAZO (S. Pedro Fiz) | BERGAZO (S. Pedro Fiz) |
| ------------ | LUGAR DE BOELLE |
| CABREIROS (Sta. Mariña) | CABREIROS (Sta. Mariña) |
| CAMPELO (S. Xulián) | CAMPELO (S. Xulián) |
| CASTRILLÓN (S. Salvador) | CASTRILLÓN (S. Salvador) |
| CELLÁN (S. Pedro) | LUGAR DE CELLÁN |
| CHAMOSO (S. Bartolomeu) | CHAMOSO (S. Bartolomeu) |
| CHAMOSO (S. Cristovo) | CHAMOSO (S. Cristovo) |
| CHAMOSO (Sto. André) | SAN PEDRO DE SANTO ANDRÉ (Chamoso) |
| CORGO (S. Xoán) | CORGO (S. Xoán) |
| ------------ | LUGAR DE CHAMOSO DA FOZ |
| ESPASANDE (Santiago) | ESPASANDE (Santiago) |
| FARNADEIROS (S. Pedro) | FARNADEIROS (S. Pedro) |

| **CENSO FLORIDABLANCA** | **ALISTAMENTO XERAL DA CIDADE, XURISDICCIÓN E PROVINCIA DE LUGO ANO 1775** |
|---|---|
| FARNADEIROS (Sto. Estevo) | FARNADEIROS (Sto. Estevo) |
| FOLGOSA (Sto. Estevo) | FOLGOSA (Sto. Estevo) |
| FOLGOSA (S. Martiño) | FOLGOSA (S. Martiño) |
| FRANQUEÁN (Sta. María) | FRANQUEÁN (Sta. María) |
| LAXOSA (Santiago) | LAXOSA (Santiago) |
| MANÁN DE ABAIXO | MANÁN DE ABAIXO (San cosme) |
| MAREI (Sta. María) | MAREI (Sta. María) |
| ------------ | COUTO DE MARRONDO |
| MIRANDA (Santiago) | MIRANDA (Santiago) |
| MOREIRA (Sta. María) | MOREIRA (Sta. María) |
| PADERNE (Sto. Estevo) | PADERNE (Sto. Estevo) |
| PIÑEIRO (Sta. María) | PIÑEIRO (Sta. María) |
| QUEIZÁN (Sta. María) | QUEIZÁN (Sta. María) |
| QUINTE (Sta. Olalla) | QUINTE (Sta. Olalla) |
| SABAREI (Sta Mª Madanela) | SABAREI (Sta Mª Madanela) |
| SOUTO DE TORRES (Santo Tomé | SOUTO DE TORRES (Santo Tomé |
| SOUTOMERILLA (S. Salvador) | SOUTOMERILLA (S. Salvador) |

O termo da Xurisdición de Adai presenta algunhas dificultades para a súa exacta delimitación. No Censo de Floridablanca de 1787, sobre o que traballou o profesor Río Barja[10], esta xurisdición descríbese con trinta freguesías; no entanto, no Alistamiento General de la ciudad, Jurisdición y Provincia de Lugo de el año de *mil setecientos setenta y cinco*, correspondiente a la quinta de él[11], esta xurisdición aparece comprendida por vinte e oito freguesías, máis os lugares de Boelle, de Cellán, Chamoso da Foz e os Coutos de Marrondo e Soutomerille[12]. Existen outras discordancias: Boelle aparece no Catastro de Ensenada[13] na freguesía de Arxemil, que en ningún dos dous documentos anteriores -Censo de Floridablanca e alistamento de 1775- aparece incluída na Xurisdición de Adai, inda que se describe como do señorío da condesa de Lemos. O mesmo sucede con San Pedro de Cellán[14]. No Catastro de Ensenada esta parroquia comprende dous coutos: Cellán de Calvos e Cellán de Mosteiro, pertencendo o seu señorío xurisdicional ao conde de Altamira e a don Juan de la Reguera e Quiroga, respectivamente; mentres que en Floridablanca toda a parroquia inclúese na Xurisdición de Adai, e no alistamento de 1775 só aparece un destes dous coutos, sen que polo momento poidamos determinar a cal dos dous se refire[15].

Outro tanto sucede con San Pedro de Santo André de Chamoso[16], cuxo señorío atopámolo dividido entre a casa condal de Lemos e o marqués de Castelar; e tamén, coa freguesía de Santa María de Moreira, que o Censo de Floridablanca inclúe na Xurisdición da Puebla de Aday, se ben atribuíndo o seu señorío ao conde de Lemos e ao mosteiro de Meira. Haberá de acudirse ao Catastro de Ensenada[17] para comprobar que esta freguesía ten dous coutos: o de Vilar de Cás, señorío xurisdicional do conde de Lemos; e o de Moreira, señorío do mosteiro meirego.

## 2.3 Extensión e límites da xurisdición

Se antes aludíamos ás dificultades de delimitar con precisión o termo da Xurisdición da *Puebla de Aday*, á vista do citado alistamento, agora debemos engadir as que presenta o exercicio da función xurisdicional polos seus alcaldes e xuíces ordinarios, xa que no seu termo atopamos varios coutos, dentro das freguesías que o integran, dos que non son señores os condes de Lemos, senón outros particulares ou institucións, como o marqués de Castelar, a Encomenda de San Xoán de Portomarín ou mesmo o Real Colexio de Santa María de Meira da Orde de San Bernardo. En concreto, os seguintes: (Ver gráfico páxina seguinte).

Hoxe en día, coa documentación traballada, non se pode afirmar se todos os coutos mencionados anteriormente tiñan xurisdición propia ou se ben se trataban de simples dominios sen xurisdición e, polo tanto, suxeitos á de Adai. Bardante o Couto de Moreira, como logo se analizará, e o Couto de Cellán de Mosteiro, do que eran señores xurisdicionais os de la *Reguera*, señorío incluído nun antigo morgado, constituído o 13 de xaneiro de 1532, por Ares de la Reguera[18], primeiro do seu nome, na que exercía a xurisdición civil e criminal, c*on mero e mixto imperio*, con extensión ao barrio de Fonteita.

Non rematan aquí as dificultades de exercicio xurisdicional, xa que segundo as probas testemuñais e documentais achegadas aos autos xudiciais do preito, citado ao comenzo deste artigo, podemos afirmar que os xuíces de Adai

[10]RIO BARJA, FRANCISCO.-. Cartografía Xurisdiccional de Galicia no século XVIII. Consello da Cultura Galega. Santiago. 1990, pax.111 e 112.

[11] Inda que nos autos xudiciais da querela de forza certifícanse outros alistamentos para sorteo de tropas, tráese aquí o de 15 de xullo de 1775, por ser o de data máis próxima ao Censo de Floridablanca.

[12]Ver anexo I

[13]AHP. Sección Catastro de Ensenada, atado 10.310-10

[14]AHPL. Sección Catastro de Ensenada, atado 10.618-11. No Catastro do Marqués de Ensenada aparece a fregresía de San Pedro de Cellán con dous coutos: Cellán de Mosteiro e Cellán de Calvos (ano 1753). Tanto Vázquez Seijas como Valiño Sampedro falan de dúas freguesías: San Salvador de Cellán e San Pedro de Cellán de Mosteiro, anexas a Santa Mariña de Pumarega. No censo de Floridablanca aparece esta última na Xurisdición de Castroverde.

Ver Fortalezas de Lugo y su Provincia, tomo VI, de Vázquez Seijas, M. e Valiña Sampedro, E., Catálogo de los Archivos Parroquiales de la Diócesis de Lugo.

[15]AHPL. Sección Catastro de Ensenada, atado 10.618-11: este señorío figura como da casa condal de Altamira

[16]AHPL. Sección Catastro de Ensenada, atado 10.445-01. Utilizase o nome que tiña a freguesía na data en que ten lugar este proceso xudicial. En adiante, para resumir, tan só nos referiremos a esta parroquia como Santo André de Chamoso.

***[17]AHPL. Sección Catastro de Ensenada, atado 10.432-05***

***[18] ARCHAV.- Rexistro de executorias. Caixa, 3382,34.***

| XURISDICIÓN DA VILA E PÓBOA DE ADAI | | | |
|---|---|---|---|
| | CATASTRO MARQUÉS DA ENSENADA[1] | | CENSO DE FLORIDABLANCA |
| **FREGUESÍA** | **COUTOS** | **TITULAR** | **SEÑORÍO** |
| Cellán (San Pedro) | Cellán de Calvos | Conde de Altamira | Señorío Secular e Xurisdición Ordinaria polo Conde de Lemos |
| | Cellán de Mosteiro | D. Juan Reguera Quiroga | |
| Chamoso (Sto. André) | Couto de San Andrés | Por metades ao conde de Lemos e ao Marqués de Castelar | Señorío Secular e Xurisdición Ordinaria polo Conde de Lemos e Marqués de Castelar |
| Franqueán (Sta. María) | Sete casas do couto de Oubime | D. Agustín Henríquez | Señorío Secular e Xurisdición Ordinaria polo Conde de Lemos |
| | Resto da parroquia | Conde de Lemos | |
| Marei (Sta. María) | Vilanova | D. Pedro Isidro Yebra Pimentel | Señorio Secular e Xurisdición Ordinaria polo Conde de Lemos |
| | Resto da parroquia | Conde de Lemos | |
| Soutomerille (San Salvador) | -------------- | D. Diego Cabarcos | Señorío Secular e Xurisdición Ordinaria por D. Juan de Neira e D. Manuel Pallín |
| | | D. Angel Pallín | |
| Moreira, (Sta. María) | Vilar de Cas | Conde de Lemos | Señorio Eclesiástico e Señorío Secular e Xurisdición Ordinaria polo Conde de Lemos e outra polo Mosteiro de Meira Orde de San Bernardo |
| | Moreira (Luctuosa) | Real Colexio de Meira | |

non tiñan competencia uniforme para coñecer das pretensións dos seus domiciliarios en todas as materias en cada unha das freguesías intregradas na súa xurisdición. Nos autos xudiciais aos que nos referimos, atopamos varias testemuñas que declaran que os alcaldes e xuíces ordinarios da Puebla de Aday coñecían dos preitos dos seus domiciliarios tanto no real como no civil e criminal; en cambio, outras testemuñas din que en determinadas freguesías só coñecen de cuestións reais, quedando as outras dúas -as civís e criminais-, en mans doutros señores xurisdicionais. Algunhas declaracións súmanlle as potestades de mero e mixto imperio, é dicir, as atribucións coercitivas para decidir en asuntos de índole criminal e para coñecer en causas civís e criminais, respectivamente[19].

[19]LOPEZ DÍAZ, MARÍA.- La administración de la justicia señorial en el antiguo régimen (…) Esta investigadora explica que o mero imperio comprende as atribucións coercitivas do maxistrado pertencente á utilidade pública; mentres que o mixto imperio refírese ás competencias coercitivas para a obtención do interese particular. O dicionario de autoridades define o mero imperio pola potestade absoluta de xulgar e castigar os delitos, ata impoñerlles a pena de morte, ou outra corporal (Partida. 3, Tit. 4.1.18) e por mixto imperio a potestade de xulgar, especialmente nas causas civís. Ver GRASSOTTI, HILDA: Novedad y tradición en las donaciones "con mero y mixto imperio" en León y Castilla.



*Vista aérea da fachada oeste do pazo-torre na Vila da Póboa de Adai (Santiago de Adai-O Corgo). Foto de Marcos Guimarey Vázquez*

A confirmación do que dicimos atopámola no seguinte testemuño que un xuíz ordinario de Adai realizou o 8 de xaneiro de 1775: *Francisco Antonio de la Vega y Montenegro, Juez y Justicia hordinaria en la Villa y Puebla de Aday, y cotos a ella unidos, que como tal conoce en el de San Fiz de Paradela en lo civil; en Pousada en lo real y criminal; en el de San Pedro de San Andrés de Chamoso a prebención; en el de Baldomiro en lo civil y criminal; en Santa María de Moreira*

*en lo real y criminal y en los de San Pedro de Cellán, San Lorenzo de Marrondo y San Salvador de Soutomerille solamente en lo real […]* A este podemos engadir outro testemuño da xustiza ordinaria da *Puebla de Aday*[20], na que informa que nas freguesías e coutos que integran o partido de Folgosa, do que falaremos máis adiante, só coñecían dos asuntos relativos ao real, e non dos asuntos civís e criminais[21].

No caso do Couto de Moreira algunhas testemuñas de parte o expresan así: *"Dijo que el colegio de Meira pone en el coto de Moreira Juezes por lo que respecta a lo civil, y no a lo real y criminal, que destos particulares tienen particular conocimientolos Juezes de dicha Jurisdición de Aday como lo tiene declarado..."* [22]*(aínda que esto será obxecto de contradición entre elas).*

### 2.4 Conflito de competencias en materia criminal entre os xuíces ordinarios de Adai e o correxidor de Sarria

Por se fose pouco, a esta diversidade de situacións descrita anteriormente, engádeselle o conflito de competencias en materia criminal entre o xuíz ordinario da *Póboa de Adai* e o correxidor de Sarria. A cuestión que se formula agora é de se os xuíces de Adai tiñan competencia para formar os sumarios e ditar sentenza nos asuntos de natureza criminal sobre delitos que tivesen acontecido nos termos da súa xurisdición ou se tan só poderían instruír os sumarios, pero non finalizar os procesos con sentenza. En caso de obter unha resposta afirmativa á primeira cuestión, xorde outra dúbida: quen entendía e resolvía unha posible revisión do fallo ditado na primeira?; é dicir, trátase de determinar se os



*Iniciativa de 16 de outono de 1486*

xuíces de Adai tiñan competencia para resolver en primeira instancia e tamén na revista (segunda instancia).

Precisamente sobre esta derradeira cuestión, no Arquivo Histórico Nacional consérvase unha antiga iniciativa[23] da época dos Reis Católicos, de 16 de outono de 1486, para que os preitos civís e criminais das *Póboas de Adai*, de San Xiao e de Triacastela, se atendesen ante os seus alcaldes, co fin de que os seus veciños non tivesen que acudir aos meiriños e xuíces da vila de Sarria, agás por vía de apelación.

Por máis que non resolven as cuestións expostas anteriormente dun xeito concluínte, ofrecen algunha luz os autos[24] tramitados ao abeiro das querelas interpostas, por unha banda, por un veciño da Xurisdición de Adai e, por outra, por un domiciliario da Xurisdición da Encomenda de

[20]ARG.-rag-01474-10 páx. 150 e 151 do auto ordinario citado: "Don Juan Balcarce Neira y Ossorio, Juez y Justicia hordinaria en la Jurisdición Villa y Puebla de Adai Certifico adonde convenga por ante el presente escribano de número de ella, como en virtud de orden expedida por los Señores y Xusticia y Reximiento de la Ciudad de Lugo, Caveza de Provincia, en los treinta y uno del mes de Agosto passado de este presente Año (1751), a fin de que forme Relación del numero de las feligresias, Villas y Lugares de que se compone esta Xurisdicion y cotos sufraganeos a ella, y habiendome informado y Puesto en ello el Cuidado posible, halle que en esta jurisdición se compone de cuatro partidos…Primeramente el Partido de Folgosa de Puebla de Aday, el cuall comprende tres Parroquias y feligresias como tamvien dos cotos sufraganeos a dicho Partido en quanto apagamientos y Ordenanzas reales y no en lo zivil y Criminal…"

[21]Ver nota 16

[22]Declaración da testemuña Caetano do Campo, proposto polo apoderado do conde de Lemos, D. Juan Antonio de la Vega Montenegro, polo tanto, unha testemuña de parte.

[23]AHN, Sinatura RGS, atado, 149510,119

[24]ARG, rag. Atado 22224-20: Martin de Zela, por lo que le toca y como marido de su muger, auto de oficio por el juez de Aday en 29 de agosto de 1705; Querella de Benito de Monteagudo en 29 de Agosto de 1705, delante del corregidor de Sarria. El juez de Aday y el llamado corregidor de Sarria, y Benito de Monteagudo sobre qual de dichas justizias an de conozer desta caussa.

Ante os correspondentes xuíces, correxidores e Real Audiencia de Galicia, Benito Monteagudo actuará representado polo procurador de causa Gabriel Bernardo Boado; e en nome de Martín de Cela farao o procurador Juan Rodríguez de Taibo. No texto só faremos alusión aos nomes dos querelantes/querelados, sen citar os nomes dos seus respectivos procuradores de causas, representantes deles ante as diferentes instancias xudiciais citadas.

Portomarín, con ocasión duns feitos criminais[25] que tiveron lugar, na noite do 28 de agosto de 1705, nos termos xurisdicionais da primeira, en concreto, entre Benito de Monteagudo, veciño de San Cosme de Manán, da Xurisdición de Adai, por unha parte, e Eufemia López de la Vega[26] e Santiago de Cela, o seu sobriño, veciños de Corbeiras, da Xurisdición da Encomenda de Portomarín, por outra.

Segundo os testemuños destes[27], aquela noite foron a recoller uns tenreiros que pastaban na Zarra de Marroedo, na serra das Empedradas, no termo da Xurisdición da Póboa de Adai, cando lles saiu ao camiño, de caso pensado, Benito de Monteagudo, quen con un machado que levaba nas mans, feriunos na testa e outras partes do corpo, quedando sen coñecemento, por curto tempo, Santiago de Cela. Unha vez que este recuperou o sentido, tía e sobriño acudiron, con *persoas da súa devoción*, á casa daquel en San Cosme de Manán, onde comezaron a proferirlle insultos e palabras aldraxantes, ata o punto de que a muller de Benito saíu ás voces *[…] deziendole se rreportase y que aquellas palabras no la hampara dezir Ni en publico ni en secreto […].*

Benito Monteagudo presentou querela ante o correxidor de Sarria polas afrontas contra el proferidas; pola contra, Martín de Cela, en calidade de marido de Eufemia e tío de Santiago, presentou outra ante o xuíz ordinario da Xurisdición de Adai polas lesións recibidas. Tanto este xuíz como o correxidor consideráronse con xurisdición e con competencia para atender as citadas demandas, polo que ditaron sendos autos o mesmo día 29 de agosto daquel ano: o de Adai *hizo caussa de oficio*, expedindo despacho de prisión contra Benito de Monteagudo, ordeando ao seu ministro que o prendese e lle embargase os seus bens. En tanto que o correxidor de Sarria prohibiu ao xuíz de Adai prender a Benito Monteagudo, mandando que lle remitise os autos orixinais para continuar el coa instrución.

Ante esta situación Martín de Cela acudiu á Real Audiencia de Galicia conseguindo que o xuíz semanero ditase, o 4 de setembro de 1705, un auto no que ordeaba ao correxidor de Sarria que non continuase a instrución, baixo pena de 20 ducados, e remitise os autos orixinais ante el tramitados ao xuíz de Adai para que proseguise a causa:

*Auto: Y siendo vista por uno de nos, dio el auto siguiente=La Justizia hordinaria de la puebla de Adai prosiga esta causa y el llamado correjidor de Sarria rremita los autos y no prozeda en ella pena de veinte ducados. Por escribano se de provisión en su manera, lo mando el Sr. D. Miguel de Salamanca.*

*Coruña, a septiembre quatro de setecientos zinco. // Ante mi, Oreiro*



*Foto cenital do pazo torre na vila da Póboa de Adai (Santiago de Adai-O Corgo). Foto de Marcos Guimarey Vázquez*

[25] Novísima Recopilación no Libro XII “Dos delictos e as súas penas, e dos xuízos criminais”, regulaba no Título 5º, “Dos blasfemos e dos xuramentos”; no Título 21º, “Os delictos de homicido e feridas e no Título 25º, “As inxurias, denuestos e palabras oscenas”

[26] Nalgunha ocasión chámaselle Eufemia González de la Vega

[27] No escrito de demanda presentado polo procurador Juan Rodríguez de Taibo en representación de Martín de Cela, como marido de Eufemia López de la Vega e tío de Santiago de Cela, dise: […] y con su machado -refírese a Benito Monteagudo-, que llevaba en sus manos, les dio muchos golpes y les hirio y maltrato en las cabezas, aciendoles a cada uno heridas por donde salio mucha cantidad de sangre y viendo la mujer de mi parte los malos tratamientos que les habia hecho se abrazo a dicho Benito de Monteagudo, pediendole que por dios no les matase y dejasse confesar, se icolorio mas Jurando a Xpto, les habia de dejar alli sepultados, tirando con ellos al suelo y dicho Santiago de Cela, con el golpe y herida del machado quedo sin sentido y habiendo vuelto en si enderezando el camino al lugar de man de Abajo, dando voces, por los males que les habia hecho, salio convoy tirandoles muchas pedradas y prosiguiendo en maltratarles (?) y en peligro de la vida, con asistencia del medico; y la noche que sucedió el caso dieron cuenta al Juez Ordinario de la Puebla de Aday, manifestando las heridas que tenían, para que procediese contra la acusada […]

Este auto notificouse o 18 de setembro ao xuíz de Adai. A acta que acredita a súa notificación, e que se trascribe de seguido, recolle unha aclaración do xuíz de Adai sobre a súa competencia en materia criminal, limitándoa á instrución dos sumarios, para que unha vez formados se remitisen ao correxidor de Sarria para que os substancie y determine, é dicir, recoñecía que non tiña competencia para sentencialo. Non obstante, o de Adai manifestou que obedecía ao ordeado polo xuíz semanero da Real Audiencia, aclarando que o facía, sen prexuízo do dereito do conde de Lemos, como señor xurisdicional de Adai:

*Notificacion a su merced el juez de Adai.*

*En la villa de la puebla de Adai, a dieziocho dias del mes de septiembre del año de mill setecientos y cinco, yo esscribano de pedimento y (a) requerimiento de Martín de Cela, abiendo hallado personalmente a su merced D. Gaspar de Losada y Estrada, Juez i Justicia ordinaria en esta dicha Villa y su jurisdicion, le notifique, lei y declare la rreal provisión antecedente de sus señorias los señores Gobernadores y oidores de la Real Audiencia de este rreino, ganada a pedimento de Martin de Cela, para que prosigua en la causa que rrefiere y la sentencie y determine, y cunpla en todo y por todo con lo que por dicha real provision se ordena y manda, que abiendola visto y mirado, dijo la obdecia y obdecio con el devido respecto y beneracion devida y (en) quanto a su cunplimiento, que sin enbargo de lo dispuesto por el exmo Sr conde de Lemos, mi señor, y señores antecesores, en orden a que las causas criminales de esta puebla pasen en sumarios al correxidor de la Villa de sarria, Para que los sustancie y determine, protesta dar cumplimiento a lo que por los señores del real tribunal de este reino se le manda; sin ser visto repunar a lo mandado por su excelencia dicho señor Conde, sin perjucio de su derecho, esto respondio y firmo y pide copia de este real despacho para juntar a los autos obrados a pedimiento de venito de monteagudo a su merced, el presente Juez que rresponde para en bista de unos i otros tener mejor conocimento del negocio y hacer Justizia a las partes.*

*Firmado // Lossada    Ante mi // Antonio (?) Arias*

Non conforme Benito Monteagudo co auto do xuíz semanero da Real Audiencia do Reino de Galicia -de 4 de setembro de 1705-, recurriuno diante do gobernador e capitán xeral no Reino de Galicia e do seu Consello, oidores e alcaldes maiores da Real Audiencia, argumentando que tan só ao correxidor de Sarria lle correspondía o coñecemento privativo das causas civís e criminais, sinalando ademais, que el era sufragáneo da de Adai, pero non a contraria, que era da Xurisdición de Portomarín, e ademais […] *no thenia araygado el Juizio ni dado fianza […]* polo que solicitou emendase o auto anterior e mandase que o correxidor de Sarria *[…] prosiga y fenezca asta dar sentencia definitiva, para lo que el juez de adai le rremita los Auttos originales […], e se non fose posible unha e outra remitan os autos orixinais a este Tribunal para que nel se determine o competente thomando la mas providencia que conbenga.*

Ante esta solicitude a Real Audiencia ordea, o 10 de outono do citado ano, que se lle remitisen todos os autos para decidir quen das dúas xustizas tiña competencia -xuíz de Adai ou correxidor de Sarria-, para entender das querelas interpostas:

*Y siendo por nos vista en sala Dimos el autto siguiente: Sim enbargo del Autto del señor Semanero vengan unos y ottros Autos para en vistta de ellos declarar a quien toca Para lo qual se compela A los escribanos A que los remitan Relaciones, los señores Don Thomas de Sola, Don Pedro Samaniego Y Don Francisco Zeferino. Coruña, octubre, diez de setezientos y cinco*.

Recibidos na Real Audiencia os autos remitidos polas xustizas de Adai e de Sarria, conforme ao disposto no auto anterior, o procurador de Benito Monteagudo, quizabes por unha estratexia procesual, solicitou reter a causa na Audiencia

da Coruña e que se lle tomase confesión[28] ao seu representado, petición que aceptaron o 5 de novembro de 1705 os relatores don Tomás Sole e Pedro Samaniego.

Finalmente foi a Real Audiencia da Coruña quen fallou o asunto impoñendo as respectivas custas procesuais, polo que non queda claro ata onde chega a competencia en materia criminal dos xuíces da Xurisdición de Adai, agás que nos quedemos coa aclaración que o xuíz ordinario do momento, don Gaspar de Estrada e Losada, fixo constar na notificación do auto do semanero, de que tan só poderían formar os sumarios en materia criminal para posteriormente pasalos ao correxidor de Sarria quen os fallaría.

## 2.5 Os catro partidos da Xurisdición de Puebla de Aday, partidos fiscais?

Os documentos probatorios achegados nos autos derivados da querela de forza do conde de Lemos, a que nos referimos constantemente, permítenos coñecer que a Xurisdición da Póboa de Adai estaba dividida en catro partidos, aínda que tan só se achegan datos concretos de dous deles: o do partido da Riveira de Franqueán e o partido de Folgosa de *Puebla de Aday*, e faise referencia a outros dous: Chamoso e Riveira de Queizán.

Segundo a Orde da Cidade de Lugo de 24 de maio de 1772[29], Riveira de Franqueán comprendía doce[30] freguesías, dous lugares e dous coutos: Santa María de Franqueán, San Salvador de Castrillón, San Julián de Campelo, San Xoán do Corgo, San Fiz de Bergazo, Santa María de Queizán, San Paio de Arcos, Santo Tomé de Souto de Torres, San Esteban de Paderne, Santa María de Piñeiro, Santiago de Adai, Santiago de Espasande; os lugares de Boelle e Vilar de Cas e os Coutos de Soutomerille e Moreira.

O de Folgosa de *Puebla de Aday* estaba integrado por tres freguesías e dous coutos sufragáneos: San Martín de Folgosa, San Esteban de Folgosa e Santiago de Miranda; e dous coutos: San Pedro de Cellán de Mosteiro e o de Marrondo.

Ademais destes dous partidos, atopamos unha referencia ao de Chamoso na Orde 30 de marzo de 1767, do Intendente *General* do Reino de Galicia, no que se realizaba un comparto de utensilios que tiñan que sufragar os veciños de todos os estados, incluídas as *mans mortas*, agás os eclesiásticos[31]. Pero nada nos di a documentación sobre as parroquias que integraban este partido. Outro tanto sucede co da Riveira de Queizán, ao que se fai unha alusión nunha atestación do 15 de maio de 1600, ante Alonso López de Aguiar, xuíz ordinario de Adai naquel tempo: […] *dijo que a el le había sido mandado y repartido que cogiese y recaudase el servizio hordinario en este partido y Riveira de Queizán[…]*[32]

Segundo podemos deducir da documental referida estes partidos eran demarcacións dentro da Xurisdición de Adai en quanto a apagamientos y ordenanzas reales, é dicir, para realizar os compartos de efectos reais (gabelas) e utensilios; pero non para outras cuestións de tipo civil ou criminal.

[28]Benito Monteagudo, estando preso no Real Cárcere da Coruña, confesou ante o licenciado don Diego Pardo Saavedra, avogado e relator da Real Audiencia da Coruña, que o 28 de agosto de 1705 chegou ao fogar de seu á noitiña procedente do val do Pedroso, onde fora a mercar unhas madeiras para facer uns carros. Despois de cear petaron na súa porta uns veciños e ao tempo que lles abriu oíu unhas voces, e preguntando de quen eran, respondéronlle que de Eufemia González de la Vega e o seu xenro, que o insultaban de ladrón de día e de noite e de carniceiro, e volveuse a meter na súa casa. Ao día seguinte acudiu ao correxidor de Sarria para denuncialos. Na súa confesión negou os feitos dos que se lle acusaban, de ter cortado un mazairo na cortiña de Lama Redonda, que dicían aqueles que era da capela de San Carlos Romeu.

[29]Así resulta da Orde da Muy Noble e Leal Cidade de Lugo do vinte e catro de maio de 1772: Comparto de utensilios entre os veciños do Partido da Riveira de Franqueán: *En la Puebla y Jurisdicion de Aday, a catorce días del mes de octubre año de mill setezientos setenta y dos, sumerced Don Francisco Bernardo de la Vega y Montenegro, Alcalde y Justicia hordinaria en esta cittada Jurisdición y sus Cotos unidos, dando cumplimiento a la yjuela que prezede, por ante mi escriban, hizo el Conparto que prebiene conformandose con otros Padrones Anteriores de los ssenta y nuebe Reales y veinte un maravedís que en ella se expresan, entre las feligresias y citados Cotos unidos del Partido de Riveras de Franqueán en la manera siguiente[…]*

[30]ARG, rag. Atado 01474-10. Hai unha contradición entre o número de freguesías que figuran no testemuño expedido o 15 de novembro de 1751, por don Juan Balcarce Neira e Osorio, Xuíz e Xustiza Ordinaria da Xurisdición da Puebla de Aday e o quiñón de utensilios expedida o 25 de abril de 1767 (pág. 156)

[31]Na partida de reparto incluíanse as mans mortas na proporción que lles correspondía, de conformidade coa Orde do Rei do 26 de setembro de 1737, en observancia do artigo oitavo do Concordato.

[32] Del compulsorio de papeis, obrantes no arquivo do mosteiro de Meira, solicitado por Juan Pereira de Castro: En el lugar de Vilar de Cas, Jurisdición de la Puebla de Aday, a quinze dias del mes de mayo de mill seiscientos años, ante Alonso Lopez de Aguiar, Alcalde hordinario en la Puebla de Aday y su jurisdizion, y en presencia de mi escribano publico e testigos, parescio presente Francisco Lopez de Casa do Monte, vezino de Cassa do Monte, del coto de Moreira, por si y los demas vecinos del dicho Coto, y Dijo que a el le havia sido mandado y repartido que cogiese, y recaudase el servizio hordinario que se debia en este partido y Rivera de Queizan a S.M: del qual havia de ser libre ansi de cogerlos como de pagarlos conforme a lprivilegio que el Señor Rey Don Alonso, que Dios aia de gloriosa memoria, que havia echo e hiziera merced a los Caseros del Monasterio de Meira, cuio era el dicho Francisco Lopez […]

## 2.6 Os xuíces ordinarios e outros oficios da Xurisdición da Póboa de Adai

Os autos da querela de forza permítenos coñecer que os condes de Lemos, como señores xurisdicionais da Xurisdición da Póboa de Adai, poñían xuíces, escribáns e demais ministros de xustiza. Con todo, ao longo do interrogatorio das testemuñas de parte, non logramos deducir cal era o procedemento para escoller a persoa idónea para o seu posterior nomeamento.

López Díaz[33] identifica, con carácter xeral, tres procedementos para o nomeamento dos xuíces locais: a) os señores xurisdicionais designaban libremente quen ía a desenvolver o cargo na xurisdición, o que sucedía cando a Coroa transfería o señorío co seu goberno aos seus titulares; b) os señores xurisdicionais elixían entre os candidatos presentados polo concello ou veciños, ben fose nunha única proposta ou varias, incluso ás veces nomeados por cooptación; c) por último, os concellos ou veciños decidían a súa provisión, limitándose os titulares do señorío, ben a realizar a investidura ou ben ao control ou inspección dos cargos cada certo tempo, a través da visita e os xuízos de residencia.

Pero como dicíamos antes, ningunha pista nos ofrecen as testemuñas do preito; aínda que os posibles xuízos de residencia poderían dar algunha información ao respecto, pero non atopamos ata o de agora ningún.

Normalmente, o cargo de xuíz ordinario duraba entre tres e catro anos desde a súa toma de posesión; aínda que non podemos concretar a duración dos de Adai, si podemos aproximarnos a este dato, en base á declaración de don Manuel Neira e Páramo, veciño de Hospital, da freguesía de San Andrés de Chamoso. Esta testemuña de 66 anos declarou, o 31 de outono de 1782, que foi xuíz na xurisdición, e recordaba a 14 xuíces ordinarios[34], polo tanto, con el podemos identificar a 15.



*Foto del escudo de la casa de Hospital*

Para determinar a duración no cargo de xuíz ordinario podemos realizar un cálculo sinxelo: se á idade da testemuña no momento da declaración -66 anos- lle restamos os seus primeiros 18 anos, idade a partir da cal xa tería unha certa madurez para coñecer quen desenvolvía a Xustiza nos termos de Adai, daranos 48 anos que, divididos entre 15 xuíces, resulta unha duración no cargo de 3,2 anos[35].

No entanto, deberemos ter en conta que don Joseph Antonio Riguera e Quiroga, veciño de San Miguel de Cobelas, declarou o 28 de outono de 1782 que desenvolveu o cargo de xuíz ordinario de Adai durante quatro años y algunos meses más, excepción que confirma a regra: a duración media destes cargos á que antes aludíamos oscila entre 3 e 4 anos.

[33]LÓPEZ DÍAZ, MARIA. - La administración de la Justicia señorial en el antiguo régimen

[34]Os xuíces que lembra e que relacionamos de seguido, tal e como esta testemuña os citou, son: don Tomás Teijeiro, don Francisco de Neira e Páramo, don Francisco Varela, don Bernardo Rivera, don Manuel Barcia, don Joseph Villares, don Francisco Mosquera, don Francisco Bernardo de la Vega, don Juan Balcarce, don Juan de la Vega, don Joseph Lamela, don Joseph Quiroga, don Pedro Santiso, don Joseph de la Reguera.

No cadro que se cita a continuación dese parágrafo, engadíronse algúns xuíces máis trala información que obtivemos por documentación complementaria.

[35]Cómpre aclarar que esta estimación baséase nas propias declaracións da citada testemuña, así como nas doutras obrantes nos autos da querela de forza. Don Manuel de Neira e Páramo dixo que tiña 66 anos na data da súa atestación, e na súa testificación, en relación coa posesión do conde de Lemos da xurisdición de Adai, dixo que desde […] la acordanza del que declara que pasa de 48 anos[…],é dicir, resta á súa idade 18 anos. Algo similar sucede con outra testemuña, de parte dos veciños do Couto de Moreira, Joseph do Adrio. No momento da súa declaración afirma que ten 33 anos, e cando atesta que o Couto de Moreira xamais estivo suxeita á Xurisdición de Adai manifesta que: […] desde la acordanza del que declara que pasa de 20 años […], é dicir, resta á súa idade 13 anos. Isto só pode significar que só recordan os datos a partir dunha determinada idade de seu: no primeiro caso desde os 18 anos, e no segundo desde os 13 anos.

En canto á denominación do cargo, nunhas ocasións aparece como xuíz ordinario e meiriño da xurisdición e noutras ocasións, alcalde e xuíz ordinario. A diferenza do que sucede no Couto de Moreira onde o Real Colexio de Santa María de Meira nomea aos xuíces non só como ordinarios senón tamén de visita, é dicir, amplían as súas competencias, outorgándolles atribucións para revisar as actuacións dos anteriores xuíces e ministros: […] y inquerir el bien o mal proceder de los Merinos y Juezes y mas ministros de Justicia que lo han sido en dicho coto […]

No cadro seguinte relaciónanse os diferentes xuíces da xurisdición -incluíndose un tenente de xuíz-, que abrangue desde o comezo ata o final do século XVIII.

| ALCALDE XUÍZ ORDINARIO | ESTATUTO XURÍDICO/ESTAMENTO AO QUE PERTENCE | ANOS NOS QUE ACTUOU | LUGAR DE RESIDENCIA | XURISDICIÓN Á QUE PERTENCE O POBO DA RESIDENCIA |
|---|---|---|---|---|
| Don Gaspar de Estrada e Losada | Nobre? | Polo menos en 1705 | Vila e Póboa de Adai | Vila e Póboa de Adai |
| Don Tomás Teijeiro | Nobre | ? | San Miguel de Piedrafita | Vila e Póboa de Adai |
| Don Francisco de Neira e Páramo | Nobre | ? | Hospital; San Pedro de Andrés de Chamoso | Vila e Póboa de Adai |
| Don Manuel de Neira e Páramo | Posibremente pai do anterior | ? | Hospital; San Pedro de Andrés de Chamoso | Vila e Póboa de Adai |
| Don Francisco Varela | ? | ? | ? | ? |
| Don Bernardo Rivera | ? | ? | Santalla do Alto? | Vila e Póboa de Adai? |
| Don Manuel Barcia | ? | ? | ? | ? |
| Don Joseph Villares Quiroga | Nobre | ? | San Martín de Caraño | Xurisdición de Luaces |
| Don Francisco Mosquera | ? | ? | ? | ? |
| Don Francisco Bernardo de la Vega Montenegro | Nobre | Polo menos 1773-1774. Repite en 1782 | Santa Mariña de Cabreiros | Vila e Póboa de Adai |
| Don Juan Balcarce Neira e Osorio | Nobre | Polo menos 1751 e 1753 | San Xoán do Corgo | Vila e Póboa de Adai |
| Don Juan Antonio de la Vega Montenegro | Nobre | Polo menos desde 1774 a 1775 | Santa Mariña de Cabreiros | Vila e Póboa de Adai |
| Don Joseph Lamela Freijo e Guitián | ? | Polo menos en 1761 | ? | ? |
| Don Joseph Quiroja e Riomol | Nobre | Polo menos en 1767 | Seoane, San Martiño de Folgosa | Vila e Póboa de Adai |
| Don Pedro Santiso | ? | ? | ? | ? |
| Don Joseph de la Reguera | Nobre | ? | Cellán de Mosteiro | Cellán de Mosteiro |
| Caietano do Campo (Tenente de Xuíz) | Xeral | ? | Hospital; San Pedro de Andrés de Chamoso | Xurisdición de Adai |
| Don Joseph Antonio Rigueira y Quiroga | Nobre | Desde 1778 a 1781 | San Miguel de Covelas | ? |
| Don Joseph Villar[1] | Nobre | ? | San Pedro de Santa Cruz de Picato | Xurisdición de Picato |

O cadro elaborouse tendo en conta a relación nominal que achegou don Manuel Neira e Páramo, engadíndose algún nome máis, obtido doutra documentación ou das declaracións doutras testemuñas nos autos da querela de forza.

Grazas á boa memoria de don Manuel Neira e Páramo e tendo en conta as datas da súa declaración podemos localizar a oito deles no Catastro do Marqués da Ensenada de 1753, e nas comprobacións que se realizaron en 1763.

Como se pode ver no cadro, todos -agás Caietano do Campo-, levan na documentación oficial o atributo de «don», o que nos fai presumir a condición de nobres daqueles que non logramos atopar en Ensenada, se ben isto non se pode xeneralizar, xa que na documentación pública doutras freguesías non se poñía este atributo do mesmo xeito. Así, por exemplo, nas montañas luguesas de Navia de Suarna atopamos individuos coa cualificación de fidalgos aos que non se lles poñía o "don", reservando o seu uso para aqueles fidalgos de solar coñecido[36] e cun patrimonio acomodado. Outro tanto sucede con algún veciño nalgunha documentación administrativa en certas parroquias da xurisdición de Castroverde. Era o caso de Juan López San Miguel, xuíz ordinario do Couto de Moreira durante oito anos, veciño de Pena Longa, en San Ciprián de Recesende. Nos autos que analizamos aparece sen o «don»; porén, no título de xuíz ordinario, expedido o 26 de outono de 1773, polo Abade do mosteiro de Meira, aparece co citado atributo, circunstancia que non sucede con outros nomeados para o mesmo cargo de xustiza.

Por outra banda, o uso deste atributo comeza a utilizarse polos homes, alomenos nas montañas luguesas, a partires dos comezos do século XVIII, ao contrario das mulleres nobres, ás que no século XVII se lles poñía, tanto na documentación eclesiástica como administrativa. Atopamos no século XVII algún xuíz ordinario de Adai, que posiblemente sendo nobre, non leva o «don». É o caso de Alonso López de Aguiar, quen desenvolveu o citado cargo a comezos de 1600.

[36]Ao respecto ver GARCÍA-GABILAN SANGIL, Julio.-. La hidalguía de solar conocido: normas jurídicas y doctrina. Revista de Derecho UNED nº 11, 2012.

Trala investigación en Ensenada puidemos obter, non só o estatuto xurídico persoal/estamento de pertenza, senón tamén unha visión do patrimonio declarado daqueles que identificamos, e podemos concluír desde un punto de vista patrimonial que estaban por riba da media dentro da freguesía onde residían. A maioría, por non dicir todos, posúen terreos que están gravados con pensións por *antigua observancia*, por foro ou esmola, por misas rezadas comprometidas por algún devanceiro defunto, que non cabe dúbida que diminuían os seus ingresos brutos.

Os receptores destas pensións, e segundo a freguesía, eran o convento de dominicas de A Nova da cidade de Lugo, a marquesa de Castelar, outros fidalgos ou incluso algún labrego acomodado, así como os curas párrocos das freguesías de residencia, ben en pagos en especie, como centeo, trigo, capóns; ben en cartos.

Todos os identificados no Catastro de Ensenada son persoas acomodadas economicamente, polo menos, en comparación con outros veciños das respectivas freguesías nas que residen, e das súas declaracións dedúcese que os seus ingresos son esencialmente agrarios derivados da explotación directa das súas labranzas, aínda que algún ten rendas da mesma natureza.

Para determinar a súa posición utilizamos criterios como as dimensións das súas residencias; o número de criados; as superficies, tipos e calidades das propiedades e as cabezas e clases de gando declaradas -en parcería ou propiedade-; aínda que esta información podería ser matizada se puidésemos contar coa documentación privada de cada unha das casas das que tratamos para obter con maior precisión o seu nivel económico.

En xeral todos os identificados teñen casas co seu alto, e cunhas dimensións superiores ou polo menos non inferiores ás doutros veciños da freguesía. É o caso de don Joseph Lorenzo



Escudo da casa de don Joseph Lorenzo Quiroga e Riomol, en Seoane, parroquia de San Martiño de Folgosa

Quiroga e Riomol[37], veciño de Seoane, na freguesía de San Martíño de Folgosa quen, o 7 de febreiro de 1753, declara que a súa casa co seu alto ten 20 varas de frente por 8 de fondo, cuxo aluguer anual estimouse polos peritos en 12 reais de vellón.

Como dixemos anteriormente o número de criados é outro dos criterios para determinar o acomodo dos petrucios: a maior número de criados maior o seu estatus económico.

De todos os domiciliarios de San Martiño de Folgosa, uns 30 cabezas de familia, tan só 8 teñen servizo, por así chamalo, doméstico, e ningún acada os cinco criados que declarou don Joseph Lorenzo Quiroga Riomol de Seoane.

Outra casa acomodada dentro da xurisdición é a de don Francisco Bernardo de la Vega Montenegro de Santa Mariña de Cabreiros[38], declara en Ensenada unha casa de menor superficie ca do



Fachada oeste da casa de Santa Mariña de Cabreiros de don Francisco Bernardo de la Vega Montenegro

anterior, de 12 varas de fronte por 8 de fondo, a que lle estimaron un aluguer anual de 8 reais de vellón, e 37 partidas de bens inmobles en Santa Mariña de Cabreiros, na que ademais percibe 12 ferrados de centeo doutro fidalgo, don Froilán Sánchez, veciño de seu, ademais doutros bens rústicos na freguesía de Manán de Arriba e no Couto de Agruña. Na data na que se realizaron as respectivas declaracións de bens produtivos -3 de febreiro de 1762[39]- declara que ten cinco criados: dous varóns e tres mulleres.



Outra parte da fachada oeste da casa de Santa Mariña de Cabreiros (foto da década dos anos 70 do século XX)

Don Francisco Páramo e Neira, de 60 anos, é outro dos xuíces ordinarios identificados. Residía, o 28 de abril de 1753, no lugar de Hospital, na freguesía de San Andrés de Chamoso[40], nunha

[37]AHPLU. SECCIÓN CATASTRO DE ENSENADA. Atado 10.567-03 e 04.
[38]AHPLU.SECCIÓN CATASTRO DE ENSENADA. Atado 10.409-13
[39]AGS, DGR, 1RE,1021,11
[40]AHPLU. SECCIÓN CATASTRO DE ENSENADA. Atados 10.445-04 e 05

casa co seu alto, de 8 varas de fronte por 12 de fondo, que lindaba pola dereita co camiño real e pola esquerda con Antonio Billares. Os peritos estimaron o seu aluguer en 8 reais de vellón ano. Con el vivían un fillo maior casado, un neto é 6 netas, acompañado por catro criados, que atendían a su explotación. Naquela data declara 37 partidas. Posiblemente outro dos xuíces de Adai, don Manuel Neira e Páramo, tamén residente en Hospital, fose o seu pai.



*Foto Casa en Hospital dos Neira e Páramo*

Cómpre aclarar que no Catastro de Ensenada, don Francisco aparece rexistrado como Páramo e Neira, porén a súa firma aclara que realmente era don Francisco Neira e Páramo.

Estes son exemplos de pretucios que foron nalgún momento xuíces da Xurisdición de Adai e residentes en parroquias integradas nela; pero atopamos algún caso de xuíces alleos á xurisdición como é o caso de don Joseph Antonio Riguera e Quiroga, domiciliario de San Miguel de Cobelas, da límitrofe Xurisdición de Castroverde. O 7 de maio de 1753[41], declara que ten 25 anos e que está casado. Na súa casa conviven nese momento, a súa nai, dúas irmáns menores e un criado maior dos 18. O 3 de outono de 1761 a súa unidade de convivencia aumenta -seis fillos, a súa nai, un cuñado-, e declara un criado máis. Nas datas da súa declaración era xuíz da Xurisdición de Castroverde don Juan Francisco de la Riguera Quiroga, posiblemente un irmán de seu. Don Joseph Antonio declara unha casa no lugar de Pumarín, onde reside, de 11 varas de fronte por 6 de fondo, de menores dimensións ca dos anteriores, e 44 partidas de bens inmobles con algún gando.

Outro xuíz ordinario de Adai, residente fóra dos termos da xurisdición foi don Joseph de la Reguera, veciño de Cellán. En Ensenada, o 23 de abril de 1753, atopamos a don Juan da Rigueyra, nobre, casado, de 51 anos. Reside con el un fillo e dúas fillas, os pais de seu e catro criados. En realidade este apelido aparece castelanizado noutros documentos como *de la Reguera*[42]. Entendemos que o xuíz do que falamos ten unha indudable relación con esta linaxe que, como queda dito, eran señores xurisdicionais de Cellán e outros coutos.

A maioría dos identificados non teñen coñecementos en leis e dedícanse ás súas explotacións agrarias, agás don Joseph Villares, veciño de San Martín de Caraño, na antiga Xurisdición de Luaces, quen exerce como avogado na Real Audiencia de Galicia. Con esto preténdese dicir que a maioría non tiñan coñecementos xurídicos, a pesares de que entre as súas atribucións atopamos a de resolver cuestións civís e instruír -como xa vimos-, as criminais, exercendo o seu cargo por nomeamento do titular do señorío.

Pero don Joseph non foi só avogado, senón que tamén posuía explotación agraria. No seu testemuño o 28 de novembro de 1782, ante o escribano receptor, declara, con 66 anos, que a casa e bens que ten en Caraño son de seu, e que non paga por eles nada a ninguén, agás unha *corta porción que fuera de los de el dominio de dicha casa, le paga o (a) sus caseros tres fanegas y media de zenteno* [...], e engade que durante o tempo que foi xuíz ordinario en Adai viviu nunha casa propia, cun alto, de 14 varas de fronte por

[41]AHPLU. SECCIÓN CATASTRO DE ENSENADA. Atado 10.424-01 e AGS. DGR 1RE, 1029-8

[42]De cuxo maiorazgo, no couto de Cellán de Mosteiro, falouse noutro epígrafe deste traballo.

12 de fondo, no lugar de Santa Cruz do Couto de Picato. Nas comprobacións do Catastro de Ensenada[43], realizadas en novembo de 1761, aparece como don Joseph Villares e Quiroga, coa cualificación de nobre, con 44 anos, casado, e vive no seu domicilio catro fillos, un irmán presbítero, e oito criados.

Entre os xuíces da xurisdición atopamos algúns deles que obteñen rendas por antiga observancia ou por foro: é o caso de don Thomás Teijeiro, veciño do pobo de Pedrafita, na parroquia de San Miguel do mesmo nome, onde residía nunha casa de boas dimensións, 18 varas de fronte por 10 de fondo, ao que lle regulan de aluguer 24 reais de vellón anual, posiblemente a que hoxe en día se coñece por casa de Ulloa. No momento da súa



*Escudo na casa de Ulloa en San Miguel de Pedrafita*

declaración no catastro de Ensenada[44] tiña 60 anos, estaba viúvo, e dispoñía de catro criados. O patrimonio declarado o compoñen 40 predios e un muíño fariñeiro, ao sitio do Prado Vello, cunha soa moa, que traballaba tres meses no ano, ao que se lle estimou un produto de 30 reais de vellón anuais. Na freguesía de Pedrafita percibe rendas de varios veciños: un total de 102 ferrados de centeo, 4 de trigo, 36 reais de vellón e algúns capóns e galiñas (11 exemplares) así como un *cuartillo* de manteiga.

Non podemos pechar esta enumeración sen citar outros xuíces que tamén foron rendistas. É o caso de don Juan Valcarce Neira e Osorio. Na data en que se formou o Catastro da súa parroquia, tiña 40 anos, e residía na súa casa no Corgo, freguesía de San Xoán do mesmo nome, coa súa dona, tres fillos de menor idade, un irmán, un tío maior dos 60 anos e 6 criados.



*Sinatura de don Juan Valcarce Neira e Osorio*

A súa casa, cun alto, mide 12 varas de fronte por 8 de fondo, ademais ten outra de dimensións algo inferiores: 8 de fronte por 6 de fondo. Todo isto fainos pensar que o actual pazo do Corgo debeu de ser ampliado[45] ou edificado en datas posteriores ao Catastro de Ensenada. Declarou 52 partidas, incluíndo as súas casas. Na freguesía do Corgo percibe de varios veciños 39 ferrados de centeo;



*Vista cenital do pazo do Corgo de don Juan Valcarce Neira e Osorio*

[43]AGS. DGR 1RE 1029,4. Comprobaciones de Catastro Ensenada da parroquia de Santa Cruz de Picato.

[44]AHPLU. SECCIÓN CATASTRO DE ENSENADA.- Atados 10310-13 e 14

[45]O mesmo opinamos en relación co pazo dos de La Reguera en Cellán de Mosteiro: no Catastro de Ensenada, don Joseph de la Reguera declara tres casas de seu: dúas a rentes da igrexia parroquial de pequenas dimensións; e outra no propio Cellán, de 16 varas de fronte por 7 de fondo, que non se corresponde coas actuais dimensións do pazo, polo que houbo de ampliarse despois do decenio de 1752-1762. Outro tanto sucede co pazo de don Bentura Sanchez de Yebra construído no lugar do Pazo en San Xoán de Trasliste, posiblemente construído a finais do século XVIII, desde que foi nomeado mordomo de rendas do marquesado de Sarria e das catro póboas, entre elas a de Adai (ver nota 8)

pero tamén ten rendas noutras parroquias, como en San Miguel de Covelas[46], na Xurisdición de Castroverde, onde polo menos percibe, ben por foro ou por posesión antiga, 36 ferrados de centeo, 1 de trigo e outro de castañas, así como noutras freguesías, como a de San Andrés de Chamoso, onde Pedro do Campo, na propia Xurisdición de Adai, lle paga 33 ferrados daquel cereal.

Identificamos relacións familiares entre algúns dos xuíces citados: don Joseph Antonio de la Riguera e Quiroga declarou que era curmán de don Juan Antonio de la Vega Montenegro, apoderado do conde de Lemos na querela de forza, quen á súa vez era fillo de don Francisco Bernardo de la Vega e Montenegro, ambos da casa de Santa Mariña de Cabreiros, todos eles xuíces na Xurisdición de Adai, nalgún momento durante o século XVIII.



*Fachada leste da casa de don Francisco Bernardo de la Vega Montenegro, en Santa Mariña de Cabreiros (foto da década dos anos 70 do século XX)*

Ademais, don Francisco Bernardo de la Vega Montenegro estaba casado con dona Isabel Valcarcel Neira e Osorio,[47] irmá de don Juan (Antonio Cayetano) Valcarce Neira y Osorio de San Xoán do Corgo, outro dos xuíces de Adai, xa citado, e polo tanto, cuñado de seu.

Ao longo do século XVIII, atopamos que algún dos xuíces repite mandato e incluso houbo quen exerceu como xuíz ordinario noutra xurisdición limítrofe, como don Francisco Bernardo de la Vega Montenegro na de Manán-San Fiz[48]. Tamén se dá o caso de que un fillo deste, don Juan Antonio de la Vega Montenegro, desenvolveu a vara de xustiza despois do seu pai. Outro caso singular é o de don Joseph Lamela Freijo e Guitián quen desenvolve a vara de xustiza na Póboa de Adai e tamén en Sarria[49] entre 1766 e 1768, aínda que deste personaxe pouco podemos dicir xa que non o demos localizado, se ben os Freijo e os Guitián son da comarca de Sarria e da antiga Xurisdición da Somoza de Vilaouzán, entre outras limítrofes.

Ao xuíz ordinario acompañábao un tenente de xuíz.

O 5 de novembro de 1782, Caietano do Campo, de 72 anos, veciño de Hospital, na freguesía de San Andrés de Chamoso, atestou que foi tenente de xuíz durante tres anos, e ministro da Xurisdición de Adai durante 27 anos, o cal tiña unha sinatura moi ben elaborada nuns tempos nos que a veciñanza tiña que solicitar que lle



*Sinatura de Caietano do Campo, teniente de xuíz e ministro na Xurisdición de Adai*

firmasen a rogo. Un fillo deste, Pedro do Campo, tamén foi ministro na mesma. Atopamos a este no Catastro de Ensenada, na citada parroquia, no que declarou 26 partidas, a meirande parte delas eran terras de sementeira de terceira clase, e unha

[46]AHPLU. SECCIÓN CATASTRO ENSENADA.- Atado 10.424-05

[47]ABUIN ARIAS, J e GONZÁLEZ DÍAZ, J. O pazo do Corgo. REVISTA A CORGA Nº 2 (pág. 51). Contraeron matrimonio o 22 de setembro de 1742. Tamén o blog: Https// carvallo- andrade.blogspot.com/2021/04/de-la-vega.html?m=1

[48]GARCÍA-GABILÁN SANGIL, M.-. O Concello do Corgo: unha primeira achega á súa orixe. Das xurisdicións de Adai, Arxemil e Manán de Arriba ao concello constitucional da Villa y Puebla de Aday. Revista A CORGA, nº 10. Don Francisco Bernardo de la Vega e Montenegro foi xuíz ordinario na Xurisdición de Manán San Fiz en 1762.

[49]LÓPEZ ARIAS, Xaime. Os responsables da Xustiza. La Voz de Galicia de 30 de decembro de 2006

casa no lugar de Quintela, na mesma freguesía, de 7 varas de fronte por 5 de fondo, á que lle estiman unha renda de aluguer anual de 2 reais. Por elas paga a don Juan Valcarce 33 ferrados de centeo, e tamén a outros veciños e dignidades eclesiásticas por observancia antiga. A súa situación patrimonial declarada está por debaixo dos anteriores; pero algunha ascendencia tería para desenvolver o citado oficio, e incluso que o seu fillo fose tamén ministro da de Adai.

Tampouco coñecemos o procedemento para a súa elección e nomeamento na Xurisdición de Adai -referímonos ao oficio de tenente de xuíz; pola contra, se extrapolamos o que sucedía no Couto de Moreira, a súa designación faríase simultaneamente á do xuíz ordinario[50]. Pero non sempre houbo tenentes de xuíz na Xurisdición de Adai. Precisamente Don Joseph Villares declarou no preito que cando actuou de xuíz ordinario non tiña nomeado tenente, *a excepción de unos quatro o cinco meses que lo hizo por nombramiento don Francisco Mosquera, Juez que posterior al que declara ha sido en la expresada Jurisdicion […]*".



*Pazo do Corgo dos Valcárce. Foto de Marcos Guimarey Vázquez*

[50]Nos autos da querela de forza constan varios títulos expedidos polo abade do Real Colexio de Santa María de Meira, entre eles o de Juan López de San Miguel, onde consta o nomeamento simultáneo do seu tenente, Manuel de Lence. No anexo documental consta un traslado literal deste título.

Ao longo das diferentes atestacións e do compulsorio de documentos podemos extraer algunha das competencias dos xuíces da xurisdición. Aínda que tamén nos poden orientar os títulos de tal expedidos polo Real Colexio de Meira. Aquí traemos a colación o expedido polo seu abade a favor de don Felipe Vélez de Mendoza, o 2 de outono de 1719: *[…] dando en ella (na xurisdición do couto) sus autos y sentencias definitivas, llebandolas a pura y debida egecución en los casos que hai Lugar en Derecho, cobrando y perciviendo sus Derechos por el horden del Aranzel real, sobre le encargamos atención a los pobres, guerfanos y viudas, y el celo por la conservación de los Montes y Fragas de dicho coto, y corregir y castigar los pecados públicos.* No caso de Adai atopamos, como xa apuntamos anteriormente, que os seus xuíces entendían sobre cuestións de orde civil, criminal e real, variando dunhas freguesías a outras. Tamén nomeaba a persoas para os oficios gravosos, precisamente esta é a orixe da querela, como logo veremos: provedor de carnes para as reais tropas, *cogedor e recaudador de la paga del servicio ordinario [...],* depositario dos efectos de sisa, e outros trabucos.

Ao longo dos autos, e dos diferentes testemuños vanse perfilando as atribucións dos xuíces ordinarios de Adai; así don Manuel de Neira e Páramo, tan citado neste artigo, declarou que a Xustiza de Adai despachaba as correspondentes convocatorias de repartimentos de pagas reais, bagaxes, recrutamento de soldados e outras semellantes; e Caietano do Campo dixo que: *[...] la Justicia de Aday para la contribucion de las pagas espide las correspondientes yjuelas a las feligresias y cotos de que se corresponde la Jurisdizion [...];* pola súa parte, don Joseph de la Riguera e Quiroga incluiu dentro do "real" os bagaxes: *[...] sí de que en una ocasión habiendo pasado dos regimientos, biendose con obpuro por falta de Bagaxes para ellos, dio Horden para que los mismos eclesiásticos, y otras personas nobles hiciesen concurrir con sus caballerias y carros [...]* e Miguel de la Puente, na súa declaración de 7 de novembro de 1782, inclúe entre os efectos reais que pagan os veciños de Moreira e

os da Xurisdición de Adai, as alcabalas, servizo ordinario, sisa da carne, sisa do viño e o *ciento*

Na documentación atopamos outro cargo propio da Xurisdición de Adai: o ministro. Xa dixemos que durante 27 anos o desenvolveu Caietano do Campo. Pouco podemos proporcionar sobre este oficio, se ben sabemos que o nomeaba o señor xurisdicional de Adai -o conde de Lemos-, aínda que tampouco sabemos cal era o procedemento para a súa designación e nomeamento. Non cabe dúbida de que era un oficial da Xustiza encargado de executar as ordes do xuíz ordinario, e usaba vara, símbolo da súa autoridade. Así o atestou don Manuel Francisco Cedrón e Ulloa, procurador xeral nalgún tempo: [...] *los Ministros de la Jurisdicion de Aday siempre egecutaron en el coto de Moreira las hordenes espedidas por los Juezes de dicha Jurisdicion, cumpliendo los vecinos del motivado coto, llevando y traendo los referidos Ministros la bara e ynsignia de tales, sin haver en ello en tiempo alguno la mas leve contradición[...].* Tamén atopamos información ao respecto no preito entre Benito Monteagudo e Santiago de Cela -citado nun epígrafe anterior-, cando o xuíz de Adai ordeou ao seu ministro: *que o prendese* (a Benito Monteagudo) *e lle embargase os seus bens.*

**Cadro resumo das partidas declaradas no Catastro de Ensenada por algúns dos xuíces ordinarios da Xurisdición de Adai.**
A produción agrícola dependía da clase de cultivo, superficie, tipo e calidade das fincas, variando dunhas freguesías a outras.

<table>
<tr><th colspan="25">PEDRO DO CAMPO (SANTO ANDRÉ DE CHAMOSO)<br><br>Teniente de Xuíz e Ministro da Xurisdición; declara 26 partidas; Sección Catastro de Ensenada, atado 10.445-04</th></tr>
<tr><th></th><th colspan="3">Sementeira secano</th><th colspan="3">Hortas</th><th colspan="3">Prados regadíos</th><th colspan="3">Prados secanos</th><th colspan="3">Sotos</th><th colspan="3">Devesas</th><th colspan="3">Montes</th><th colspan="3">Monte inútil</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Superficies</td><td>1ª</td><td>2ª</td><td>3ª</td><td>1ª</td><td>2ª</td><td>3ª</td><td>1ª</td><td>2ª</td><td>3ª</td><td>1ª</td><td>2ª</td><td>3ª</td><td>1ª</td><td>2ª</td><td>3ª</td><td>1ª</td><td>2ª</td><td>3ª</td><td>1ª</td><td>2ª</td><td>3ª</td><td>1ª</td><td>2ª</td><td>3ª</td></tr>
<tr><td>--</td><td>--</td><td>46,08</td><td>--</td><td>0,16</td><td>--</td><td>--</td><td>--</td><td>--</td><td>--</td><td>1</td><td>2</td><td>--</td><td>--</td><td>--</td><td>--</td><td>1</td><td>--</td><td>--</td><td>1</td><td>--</td><td>--</td><td>--</td><td>3</td></tr>
<tr><td>Superficie total en ferrados</td><td colspan="3">46,08</td><td colspan="3">0,16</td><td colspan="3">--</td><td colspan="3">3</td><td colspan="3">--</td><td colspan="3">1</td><td colspan="3">1</td><td colspan="3">--</td></tr>
<tr><td>TOTAL</td><td colspan="24">51,24 ferrados</td></tr>
<tr><td rowspan="2">GANDO</td><td colspan="3">BOIS</td><td colspan="3">VACAS</td><td colspan="3">NOVILLAS DE 2 ANOS</td><td colspan="3">COCHAS</td><td colspan="3">LEITÓNS DE 4 MESES</td><td colspan="9" rowspan="5"></td></tr>
<tr><td colspan="3">1</td><td colspan="3">1</td><td colspan="3">1</td><td colspan="3">1</td><td colspan="3">2</td></tr>
<tr><td rowspan="3">PAGO DE PENSIÓNS</td><td colspan="5">EN FERRADOS</td><td colspan="5">EN REAIS</td><td colspan="5">EN ANIMAIS</td></tr>
<tr><td colspan="3">CENTEO</td><td colspan="2">TRIGO</td><td colspan="5">MISAS</td><td colspan="5"></td></tr>
<tr><td colspan="3">40,5</td><td colspan="2"></td><td colspan="5">1</td><td colspan="5">4 CAPONS</td></tr>
</table>

| DON TOMÁS TEIXEIRO (SAN MIGUEL DE PEDRAFITA)<br>Xuíz Ordinario de Adai; nobre; declara 41 partidas; Sección Catastro de Ensenada; atado nº 10.310-13;14 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Sementeira secano | | | Hortas | | | Prados regadíos | | | Prados secanos | | | Sotos | | | Devesas | | | Montes | | | Monte inútil | | |
| **Superficies** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** |
| | 3 | 6 | 95 | -- | -- | -- | -- | -- | -- | 9,5 | 2 | -- | -- | -- | -- | 14 | -- | -- | -- | 8,25 | -- | 11,50 | -- | -- |
| **Superficie total en ferrados** | 104 | | | -- | | | -- | | | 11,5 | | | -- | | | 14 | | | 8,25 | | | 11,50 | | |
| **TOTAL** | **149,25 ferrados** | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| **GANDO** | **NON DECLARA GANDO** | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| **PAGO DE PENSIÓNS** | **EN FERRADOS** | | | | | **EN REAIS** | | | | | **EN ANIMAIS** | | | | | | | | | | | | | |
| | **CENTEO** | | | **TRIGO** | | **MISAS** | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | 22,5 | | | | | 20 | | | | | | | | | | | | | | | | | | |

| DON FRANCISCO BERNARDO DE LA VEGA MONTENEGRO (SANTA MARIÑA DE CABREIROS)<br>Xuíz Ordinario: nobre; declara 37 partidas; Sección Catastro Ensenada, atado 10.409-13 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Sementeira secano | | | Hortas | | | Prados regadíos | | | Prados secanos | | | Sotos | | | Devesas | | | Montes | | | Monte inútil | | |
| **Superficies** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** |
| | -- | -- | 75 | 0,8 | -- | -- | -- | -- | -- | 0,5 | -- | 12 | -- | -- | -- | -- | 1 | -- | 1 | -- | 29 | -- | 3 | 1 |
| **Superficie total en ferrados** | 75 | | | 0,8 | | | -- | | | 12,5 | | | -- | | | -- | | | 30 | | | 3 | | |
| **TOTAL** | **121,30 ferrados** | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| **GANDO** | **VACAS** | | | **NOVILLAS DE UN ANO** | | | **TENREIROS DE 2 MESES** | | | **CORDEIROS DE 8 MESES** | | | **COCHA** | | | **LEITÓNS DE 1 MES** | | | **COLMEAS** | | | | | |
| | 4 | | | 1 | | | 2 | | | 6 | | | 1 | | | 3 | | | 3 | | | | | |
| **PAGO DE PENSIÓNS** | **EN FERRADOS** | | | | | **EN REAIS** | | | | | **EN ANIMAIS** | | | | | | | | | | | | | |
| | **CENTEO** | | | **TRIGO** | | **MISAS** | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | 45 | | | 27 | | 52 | | | | | | | | | | | | | | | | | | |

**DON JOSEPH DE LA RIGUERA Y QUIROGA (SAN MIGUEL DE COVELAS)**

**Xuíz Ordinario: nobre; declara 47 partidas; Sección Catastro de Ensenada Atados 10424-01 a 05.**

| | Sementeira secano | | | Hortas | | | Prados regadíos | | | Prados secanos | | | Sotos | | | Devesas | | | Montes | | | Monte inútil | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Superficies** | 1ª | 2ª | 3ª | 1ª | 2ª | 3ª | 1ª | 2ª | 3ª | 1ª | 2ª | 3ª | 1ª | 2ª | 3ª | 1ª | 2ª | 3ª | 1ª | 2ª | 3ª | 1ª | 2ª | 3ª |
| | -- | 18,41 | 18 | 0 | 0,02 | -- | -- | 4,832 | 13,25 | -- | -- | -- | 1,75 | 8,832 | 2,332 | -- | -- | -- | 10,25 | 6,662 | -- | 6 | -- | 11 |
| **Superficie total en ferrados** | 36,416 | | | 0,27 | | | 18,082 | | | -- | | | 12,914 | | | -- | | | 16,582 | | | 6 | | |
| **TOTAL** | **90,264 ferrados** | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |

| **GANDO** | BOIS | VACAS | NOVILLAS DE 2 ANOS | COCHA DE VENTRE | COCHOS | LEITÓNS DE 3 MES | MACHOS CABRÚNS | COLMEAS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2 | 2 | 3 | 1 | 4 | 3 | 3 | 4 |

| **PAGO DE PENSIÓNS** | EN FERRADOS | | EN REAIS | EN ANIMAIS |
|---|---|---|---|---|
| | CENTEO | TRIGO | MISAS | |
| | 7 | 2 CADA 2 ANOS | 27 | 1 LEITÓN |

**DON JOSEPH QUIROGA Y RIOMOL (SAN MARTIÑO DE FOLGOSA)**

**Xuíz Ordinario: nobre; declara 26 partidas; Sección Catastro de Ensenada Atados 10.567-04**

| | Sementeira secano | | | Hortas | | | Prados regadíos | | | Prados secanos | | | Sotos | | | Devesas | | | Montes | | | Monte inútil | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Superficies** | 1ª | 2ª | 3ª | 1ª | 2ª | 3ª | 1ª | 2ª | 3ª | 1ª | 2ª | 3ª | 1ª | 2ª | 3ª | 1ª | 2ª | 3ª | 1ª | 2ª | 3ª | 1ª | 2ª | 3ª |
| | 2,50 | 2,50 | 20,05 | -- | -- | -- | -- | -- | -- | 1 | 0,5 | 1,885 | -- | 0,16 | -- | -- | -- | -- | 1 | 2 | 31 | -- | -- | 40 |
| **Superficie total en ferrados** | 25,05 | | | -- | | | -- | | | 3,385 | | | 0,16 | | | -- | | | 34 | | | 40 | | |
| **TOTAL** | **102,565 ferrados** | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |

| **GANDO** | BOIS DE LABOR | VACAS | NOVILLAS DE 3 ANOS | OVELLAS | CORDEIROS | COLMEAS |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2 | 2 | 2 | 10 | 3 | 10 |

| **PAGO DE PENSIÓNS** | EN FERRADOS | | EN REAIS | EN ANIMAIS |
|---|---|---|---|---|
| | CENTEO | TRIGO | MISAS | |
| | 105,25 | | 132 | 4 CAPONS |

**DON FRANCISCO NEIRA Y PÁRAMO (HOSPITAL - SANTO ANDRÉ DE CHAMOSO)**

**Xuíz Ordinario: nobre; declara 37 partidas; Sección Catastro de Ensenada Atado 10.445-01 a 05**

| | Sementeira secano | | | Hortas | | | Prados regadíos | | | Prados secanos | | | Sotos | | | Devesas | | | Montes | | | Monte inútil | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Superficies** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** |
| | 1 | 6,75 | 33 | -- | -- | -- | -- | -- | -- | -- | 2 | 4 | 1 | -- | -- | 2 | -- | -- | -- | 14 | 1 | -- | -- | -- |
| **Superficie total en ferrados** | 40,75 | | | -- | | | -- | | | 6 | | | 1 | | | 2 | | | 15 | | | -- | | |
| **TOTAL** | **64,75 ferrados** | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **GANDO** | **BOIS DE LABOR** | **VACAS** | **TENREIROS DE 4 MESES** | **NOVILLAS DE 2 ANOS** | **COCHA** | **LEITÓNS** |
| | 2 | 2 | 2 | 4 | 1 | 4 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **PAGO DE PENSIÓNS** | **EN FERRADOS** | | **EN REAIS** | **EN ANIMAIS** | |
| | **CENTEO** | **TRIGO** | **MISAS** | | |
| | 6 | 9 | 32 | | |

**DON JUAN VALCÁRCEL NEIRA Y OSORIO (SAN XOÁN DO CORGO)**

**Xuíz Ordinario: nobre; declara 52 partidas; Sección Catastro de Ensenada Atado 10.318-15**

| | Sementeira secano | | | Hortas | | | Prados regadíos | | | Prados secanos | | | Sotos | | | Devesas | | | Montes | | | Monte inútil | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Superficies** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** |
| | 5 | 0,5 | 139 | 0,25 | -- | -- | -- | -- | -- | 2 | 0,75 | 1,885 | -- | -- | -- | -- | -- | -- | 4,5 | 4 | -- | -- | -- | 22,50 |
| **Superficie total en ferrados** | 144,50 | | | 0,25 | | | -- | | | 2,75 | | | -- | | | -- | | | 8,5 | | | 22,50 | | |
| **TOTAL** | **148,50 ferrados** | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **GANDO** | **BOIS DE LABOR** | **VACAS** | **NOVILLAS DE 2 ANOS** | **NOVILLA DE 1 ANO** | **TENREIROS DE 6 MESES** | **OVELLAS** | **CARNEIROS** | **CABRAS** | **CABRITOS** | **COCHA** | **COCHOS** | **LEITÓNS DE 4 ANOS** | **COLMEAS** |
| | 2 | 2 | 3 | 1 | 2 | 6 | 12 | 15 | 6 | 1 | 3 | 5 | 10 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **PAGO DE PENSIÓNS** | **EN FERRADOS** | | **EN REAIS** | **EN ANIMAIS** | |
| | **CENTEO** | **TRIGO** | **MISAS** | | |
| | 36 | | 4 | | |

## 3 A QUERELA DE FORZA SOBRE REGALÍAS XURISDICIONAIS INTERPOSTA POLO SEÑOR XURISDICIONAL DA PÓBOA DE ADAI CONTRA OS VECIÑOS DO COUTO DE MOREIRA

### 3.1 O Couto de Moreira e o Real Privilexio do Rei don Alfonso XI

En Santa María de Moreira, a medio camiño entre Castroverde e a Póboa de Adai, unha monxa chamada dona Urraca estableceuse con outras no couto que lles doou en 1212 a condesa dona Sancha Fernández (de Traba)[51] para que vivisen servindo a Deus, baixo a obediencia dos abades do Mosteiro de Meira, da Orde de San Bernardo. Moitos anos máis tarde, en concreto, o 15 se setembro de 1355[52], don Afonso o onceno, enterado de que as relixiosas de Moreira pregaban a Deus pola súa vida e saúde, recibiunas na súa garda e amparo real, concedéndolles un Real Privilexio perpetuo para que ningunha persoa lles fixese mal algún, nin lles puidesen tomar ningunha cousa de seu, extendendo a súa protección aos cinco labregos que cultivaban as súas terras eximíndoos dos trabucos que, doutro xeito, terían que pagar á Coroa: *[...] que sean quitos de todos los pechos que a mi obieren de dar, asi servicio e servicios, como comienda, Pedidos, Aiudas, Martiniegas e Jantares e Asemilas, como de los otros pechos que a mi haian a dar en qualquier maneira salbo en de moneda Foreira cuando acahecese de sete a sete anos, a saber esto, mando e defiendo firmemiente que ningun cogedor, ni sobrecogedor, ni recaudador, ni pesquexidor, ni otro ninguno no sea osado de demandar ni de prendar, ni de tomar ninguna cosa de lo suio a estos cinco homes que Labran los gardamientos de las dichas Frairas por estes Pechos sobredichos [...].*

### 3.2 Os feitos que provocaron o exercicio da acción xudicial polo conde de Lemos contra os veciños do Couto de Moreira, e as cuestións obxecto do preito

En xaneiro de 1782, os veciños da xurisdición reuníronse na vila de Adai, cabeza de partido, como tiñan por costume a comezos de cada curso, para tratar os asuntos tocantes ao seu goberno e elixir as persoas que desenvolverían por un ano aqueles cargos, cuxa elección non correspondía á decisión directa do seu señor xurisdicional: o conde de Lemos. A esta xunta de comezos de ano, como xa sucedera noutras ocasións, non acudiron os veciños do Couto de Moreira. A pesar disto resultou elixido para o cargo de provedor de carnes para as tropas Bernabé Ferreiro, domiciliario do citado couto, quen se negou a aceptalo e obedecer a quen, por aquel entón, exercía de xuíz ordinario daquela xurisdición, don Francisco Bernardo de la Vega Montenegro, señor da casa de Santa Mariña de Cabreiros, quen, en *despique y venganza de no*



*Vista aérea da casa de don Bernardo de la Vega Montenegro en Santa Mariña de Cabreiros. Foto de Marcos Guimarey Vázquez*

[51]Entendemos que o documento se refire a dona Sancha Fernández de Traba, filla de Fernando Pérez de Traba e dona Tereixa Alfonso, raíña de Portugal. Dona Sancha realizou ao longo da súa vida varias e importantes doacións aos mosteiros de Sobrado e Monfero. Segundo LÓPEZ SANGIL, esta xunto co seu esposo, o conde Álvaro Rodríguez, doaron ao mosteiro de Meira, a vila do mesmo nome, que previamente tiñan recibido de mans de Alfonso VII. Secasí, SANGIL biografía outra Sancha Fernández, coetánea da anterior, que era filla de dona Tereixa Bermúdez e de don Fernando Arias de Boticela, e neta de don Bermudo Pérez de Traba e dona Urraca Henríquez. Esta dona Sancha Fernández doou en 1212, ao mosteiro de Sobrado, as terras que tiña en Tibiáns e o Pereiro, e en 1234 as que tiña no Couto e Vila da Nogueirosa. LÓPEZ SANGIL, José Luis.-. A nobreza altomedieval galega. A familia Froilaz-Traba. Editorial Toxosoutos, 1ª edición, abril 2005.

Nos autos da querela de forza interposta polo conde de Lemos, os veciños do Couto de Moreira declararon que a doación da condesa dona Sancha á fraila dona Urraca realizouse en 1212, se ben na fonte citada anteriormente indícase que a derradeira aparición documental é ao redor de 1207.

Por outra banda, debe aclararse que na contradición á querela, o procurador dos veciños do couto de Moreira dixo que a doación era de 1712, o que, sen dúbida algunha, foi un erro de transcripción ou redacción.

[52]No anexo documental consta a transcripción literal do Real Privilexo extraído do compulsorio de documentos solicitado como proba na querela de forza (ARG, rag, atado 01474-10)

*haber logrado su pensamiento,*[53] *fixo un ynforme siniestro y malicioso al conde de Lemos* para que, no seu nome, interpuxese unha querela de forza, co fin de recuperar as súas regalías xurisdicionais, xa que consideraba que non eran respectadas, e facer pasar aos de Moreira polo seu vasalaxe, restituíndolle as regalías que lle correspondían como señor xurisdicional de Adai.

### 3.3 Os autos instruídos para resolver a querela interposta contra os veciños de Moreira

#### 3.3.1 A demanda do conde de Lemos e a contestación dos veciños de Moreira

Non atopamos na Novísima Recopilación referencia á querela de forza, aínda que si aparece como vía de forza na Recompilación das Leis de Indias[54] e refírese a aquela acción procesual para resolver os conflitos que xurdían entre a xurisdición eclesiástica e secular.

Á vista disto, podemos entender, por analoxía, que a querela de forza, á que se refire o preito que analizamos, era unha acción procesual



*Capitanía e Real Audiencia do reino de Galicia en A Coruña (hoxe Capitanía Xeneral)*

que exerceu, neste caso, o señor xurisdicional da Póboa de Adai contra a perturbación que, entendeu, sufriu no exercicio das súas regalías xurisdicionais por parte dos caseiros, cabeza de foro, domiciliarios do Couto de Moreira, que negaban pertencer a esta xurisdición e ter relación de vasalaxe con aquel.

O procurador do conde de Lemos, Francisco Esteban de Santiago e Piñeiro, presentou a querela de forza ante o Presidente da Real Audiencia[55] do Reino de Galicia, ao corresponderlle o entendemento deste tipo de accións, na que despois de explicar os antecedentes de feito, citados anteriormente no epígrafe 3.2 destas páxinas, argumentaba, en síntese, que o Couto de Moreira era anexo á Xurisdición da Póboa de Adai, pertencendo aos seus xuíces ordinarios o absoluto coñecemento en todo o pertencente ao real e criminal, sen que houbese en tempos pasados a menor contravención, regalía que posuía a Casa de Lemos desde tempo inmemorial á vista, ciencia e consentimento dos querelados e demais xuíces e veciños do couto, e remataba suplicando á Real Audiencia se servise […] *declararlo asi, dando a favor de mi parte, e contra ditos Querellados, su rreal auto ordinario para que desistan de la fuerza, Consientanm de no perturbar al señor mi parte en la posesion en que se alla, y lo estuvieron los Señores sus progenitores, buelvan lo que aian llevado, Daños echos y las cosas a su antiguo estado, con ttodas las costas que han ocasionado [...]*

Os veciños de Moreira presentaron a súa contestación[56], por medio do seu procurador, Felipe Sánchez Vaamonde, opoñéndose á querela de forza, argumentando que o Couto de Moreira pertencía, por lexítimos títulos e posesión inmemorial, ao Real Colexio de Santa María de Meira, coa súa xurisdición civil e criminal, mero e mixto imperio, sendo o seu abade quen nomeaba

[53]Bernabé Ferreiro recorreu o seu nomeamento, para o cargo de provedor de carnes para as tropas, ante o Cabaleiro Intendente Xeral do Reino de Galicia, quen por auto de 18 de marzo de 1782, eximiuno da obriga de exercelo en virtude do Real Privilexio perpetuo de 1355, concedido don Alfonso XI. Esto encolerizou ao xuíz ordinario don Bernardo de la Vega Montenegro, quen posteriormente e a pesares de ter aceptado a resolución do cabaleiro intendente de Galicia, informou ao conde de Lemos para interpoñer a querela de forza.

[54]RECOMPILACIÓN DAS LEIS DE INDIAS: LIBRO I, TÍTULO X: Dos xuíces eclesiásticos e conservadores; LEY j): Que se garden as leis destos Reinos de Castilla, que prohiben aos Xuíces eclesiásticos usurpar a xurisdición Real: A boa administración da xustiza é o medio en que consisten a seguridade, quietude e sosego de todos os estados, e fomos informados, que entre as Xustizas Eclesiásticas e Seculares ofrécense contradicións e diferencias sobre as xurisdicións, tendo os Xuíces eclesiásticos excomulgados moito tempo aos Xuíces Seculares, e por estar o recurso (n)a nosas Reais Audiencias, e seu coñecemento por vía de forza moi lonxe, dexan os Correxidores e outros Xuíces Seculares de executar xustiza do que se segue moito dano ao estado Secular, usurpase a nossa xurisdición Real, e co pretexto de gardar a inmunidade Eclesiástica, cuxa reverencia, e acatamento temos tan encargado aos nossos Ministros, quédanse os delincuentes sem castigo e resultan outros grandes inconvintes[…]

[55] Naquela data era Presidente da Real Audiencia de Galicia, don Pedro Martín Cermeño García de Paredes, cabaleiro da Orde de Alcántara, Tenente Xeneral dos reais Exércitos, Gobernador e Comandante Xeral do Reino de Galicia.

O traslado literal da demanda consta no anexo documental deste traballo.

[56] O traslado literal da contestación á querela de forza consta no anexo documental deste traballo.

aos xuíces ordinarios, ministros e escribáns de número, ademais de que os seus domiciliarios, como descendentes directos das cinco cabezas de foro e labregos das *frailas* de Moreira, disfrutaban dun antigo privilexio que lles eximía de trabucos e outras cargas, propoñendo para a súa acreditación, a proba testemuñal e documental, e solicitando a denegación do pretendido por Adai.

A Real Audiencia de Galicia, por auto ditado na Coruña o 5 de xullo de 1782[57], ordeou despachar *a súa Carta e Real Provisión*, ordeando recibir información para averiguar a verdade, admitindo tanto a proba documental: o compulsorio de padróns de pagas reais, recrutamento de soldados, sentenzas por asuntos criminais, etc-, como a proba testemuñal, solicitadas por ambas partes, para que unha vez practicadas se remitisen ao escribán de cámara da Real Audiencia, un tal Pillado, quen debería realizar o correspondente asento da causa, co fin de poder estudiar e impartir xustiza.

### 3.3.2 O proceso xudicial: a proba testemuñal e documental

Os autos da querela que analizamos podemos estruturalos en catro partes: a primeira, contén a demanda e a súa contestación, ademais dos nomeamentos dos pertinentes procuradores; a segunda, as declaracións das testemuñas e informacións de diversos padróns fiscais e de quintas propostas polo representante da Xurisdición de Adai; a terceira, as informacións resultantes do interrogatorio das testemuñas e do compulsorio da documentación solicitada polo apoderado do Couto de Moreira; a cuarta e última, os escritos de conclusións de cada parte, a resolución do pleito e a notificación do fallo e imposición e notificación de custas procesuais.

Actuou como escribano receptor, designado pola Real Audiencia do Reino Galicia, Fernado Antonio Pardo, ante quen se realizou a proba testemuñal e documental, encargándose os *acompañados* de formular as preguntas, que tiveron por pertinentes, ás

[57]Asinado polos señores don José Somoza, don Blas Tenorio e don Francisco de Cardeña.



*Foto casa grande en Vilagamelle, Santa Mariña de Cabreiros*

testemuñas propostas por cada unha das partes en conflito, coa particularidade de que o acompañado de cada parte tan só interrogou ás testemuñas da parte contraria, como logo se explicará.

O *acompañado* nomeado polo apoderado dos veciños do Couto de Moreira foi Joseph Francisco Velez, Notario Apostólico e de Poio na vicaría de Quintela, veciño en Meira. Por parte da Póboa de Adai actuou como tal don Phelipe Antonio Taboada, veciño de Vilagamelle, en Santa Mariña de Cabreiros, quen exercía como escribán de número na propia xurisdición; polo tanto, ámbolos dous con coñecementos xurídicos e con certa pericia na materia.

O auditorio, para recibir os testemuños, dunha e outra parte, estableceuse na casa de Francisco da Lence, en Neda, freguesía de San Pedro de Arxemil.

#### 3.3.2.1 As testemuñas propostas pola Xurisdición de Adai

Tanto a Xurisdición de Adai como o Couto de Moreira presentaron cada unha oito testemuñas. As de Adai eran residentes nos termos da propia xurisdición, cunha idade media de 61 anos. A maioría pertencía ao estamento privilexiado. Dos oito presentados, catro eran nobres e dous eclesiásticos. Entre os fidalgos, dous deles foron xuíces ordinarios de Adai nalgún momento; outro, foi procurador xeral do común. Os dous restantes eran do estado xeral, pai e fillo, pero tamén

desenvolveron cargos da xustiza na xurisdición durante un longo tempo: Caietano do Campo foi tenente de xuíz e ministro durante vintesete anos. A pesares de que todos eles afirmaron non estar afectados polas xerais da lei[58], a maioría foron dependentes, nalgún momento da casa condal de Lemos, xa que era esta quen os nomeaba.

Nalgunha ocasión, o acompañado alega algún motivo de tacha por ser a testemuña veciña da Xurisdición de Adai e ter adquirido conexións co actual xuíz ordinario e co seu fillo, apoderado do conde. Pero tamén hai que sinalar que varias delas teñen parentesco próximo con algún veciño do couto, como se pode ver no cadro seguinte.

## TESTEMUÑAS DE ADAI

| APELIDOS E NOME | VECINDADE | DATA DA DECLARACIÓN | IDADE | CARGO NA XURISDICIÓN DE MOREIRA | ESTAMENTO | RELACIÓN DE PARENTESCO, AMIZADE OU DEPENDENCIA COAS PARTES DO PROCESO (CONDE DE LEMOS OU VECIÑOS DO COUTO DE MOREIRA |
|---|---|---|---|---|---|---|
| De la Rigueira y Quiroga, Joseph A. | San Miguel de Cobelas, Xurisdición Castroverde | 28/10/1782 | 53 anos | Xuíz ordinario | Nobre | Curmán de don Juan Antonio de la Vega Montenegro, apoderado do conde de Lemos e fillo de xuíz ordinario. |
| Neira y Páramo, don Manuel | Hospital de San Andrés de Chamoso | 31/10/1782 | 66 anos | Xuíz ordinario | Nobre | Ningunha. Porén, o acompañado o tacha por conexións co conde de Lemos polo seu cargo. |
| Zedrón de Ulla, Manuel Francisco[1] | Vilar de San Pedro de Farnadeiros | 03/11/1782 | 55 anos | Procurador xeral | Nobre | Ningunha. Declara que era tío de dona Catalina Ruíz, muller de Andrés Fernández. |
| Do Campo, Caetano | Hospital de San Andrés de Chamoso | 05/11/1782 | 72 anos | Tenente de xuíz de Ministro | Xeral / LLano | Non lle afectan as xerais da Lei con ningunha das parte *en grao que soubese.* |
| Da Ponte, Miguel | San Pelaio de Arcos | 07/11/1782 | 55 anos | ---------- | Xeral / LLano | Non lle tocan as xerais da Lei con ningunha das partes (parente en 3º con 4º grao de Joseph Ares, veciño de Moreira). |
| Díaz de Puga, don Álvaro | Hospital de San Andrés de Chamoso | Non consta | 58 anos | ---------- | Presbítero | Padriño de pila da muller de Manuel González, veciño de Moreira. |
| Sal, don Joseph | Non consta; suponse que na parroquia na que foi cura | Non consta | 73 anos | ---------- | Abade e cura de San Xoán de Barredo e San Salvador de Soutomerille | Non lle tocan as xerais da Lei. É parente en 4º grao da muller de Bernabé Ferreiro e tío de dona Catalina Rodríguez, muller de Andrés Fernández, tamén veciños do couto de Moreira. |
| Sánchez Cedrón, don Francisco | San Miguel de Piedrafita | 14/11/1782 | 57 anos | | Nobre | |

[1]AGS; DGR; 1RE 10.321-4.

[58]As declaracións testemuñais comezaban, e comezan, preguntando o xuíz á testemuña se lle afectan as xerais da lei, para determinar se ten algunha posible relación de parentesco , amizade o dependencia coas partes do proceso que poida desvirtuar a súa obxectividade na atestiguación.

### 3.3.2.2 As testemuñas propostas polo Couto de Moreira

En cambio, ningunha das testemuñas propostas por Moreira era veciña do couto, senón doutras xurisdicións limítrofes ou próximas: Adai, Lugo, Castroverde, Luaces e Láncara, feito que non é estrano partindo da idea de que os habitantes daquel tan só eran once naquelas datas e, polo tanto, todos eles partes no proceso. A súa idade media era de 53 anos. Entre elas atopamos dous que exerceron de xuíces ordinarios: don Joseph Antonio Reguera e Quiroga o foi en Adai; e don Juan López San Miguel, na xurisdición de Moreira. Aquel un fidalgo, propietario e avogado na Real Audiencia do Reino de Galicia, do que xa temos falado anteriormente; e este un veciño de San Ciprián de Recesende, que desenvolveu o seu cargo durante oito anos. Os demáis pertencían ao estado do homes bos.

**TESTEMUÑAS DE MOREIRA**

| APELIDOS E NOME | VECINDADE | DATA DA DECLARACIÓN | IDADE | CARGO NA XURISDICIÓN DE MOREIRA | ESTAMENTO | RELACIÓN DE PARENTESCO, AMIZADE OU DEPENDENCIA COAS PARTES DO PROCESO (CONDE DE LEMOS OU VECIÑOS DO COUTO DE MOREIRA |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Villares Quiroga, Licenciado don Joseph | San Martiño de Caraño, Xurisdición de Luaces | 28/11/1782 | 66 anos | Xuíz ordinario da Xurisdición de Adai, Avogado na Real Audiencia de Galicia | Nobre | Ningunha |
| López San Miguel, don Juan | San Ciprián de Rezecende, Xurisdición de Castroverde | 01/12/1782 | 44 anos | Xuíz ordinario, do Couto de Moreira | Nobre? | Ningunha. Declara ser compadre de Manuel González do Couto de Moreira |
| Francisco Octero | San Ciprián de Rebordaos, Xurisdición de Castroverde | 04/12/1782 | 60 anos | Ningún | Xeral / LLano | Ningunha. Declara ser compadre de Thomasa do Rego, veciña de Moreira |
| Benito Adrio | Rubial, Santiago de Fonteira | 07/12/1782 | 59 anos | Ningún | Xeral / LLano | Ningunha. Declarou ser viúvo de María Baliño cuñada de Bernabé Ares, veciño de Couto de Moreira |
| Benito Vascuas | Nado en Vilar de Cás, e residente na Xurisdición de Adai 9 anos | 12/12/1782 | 60 anos | Ningún | Xeral / LLano | Ningunha, tío da muller de Joseph López da Fouze de Couto de Moreira |
| Joseph do Adrio | San Jorge de Rebordaos, Xurisdición de Castroverde[1] | 16/12/1782 | 33 anos | Ningún | Non aparece no Catastro Ensenada. Llano? | Ningunha |
| Joseph Antonio Casimiro López | San Pedro de Romeán, Xurisdición de Lugo | 16/12/1782 | 40 anos | Ningún | Non aparece no Catastro Ensenada. Llano? | Ningunha |
| Pedro Silva | San Xoán de Trasliste | 19/12/1782 | 66 anos | Ningún | Non aparece no Catastro Ensenada. Llano? | Ningunha. Declara ser tío da muller do xuíz ordinario de Couto de Moreira (juan Pereira de Castro) |

[1] Declarou que viviu durante sete anos no Couto de Moreira

### 3.3.2.3 O interrogatorio das testemuñas de Adai

A primeira parte dos autos comeza co interrogatorio das testemuñas propostas por Adai, que realiza o *acompañado* Joseph Francisco Velez. Nas súas respostas afirman que o conde de Lemos era o señor xurisdicional de Adai, e como tal nomeaba os cargos de xustiza, con xurisdición sobre os asuntos civís, criminais e reais en toda a xurisdición; índa que declaran que os de Moreira tiñan competencia exclusivamente nos asuntos de natureza civil.

En canto aos aspectos tributarios afirmaron que os domiciliarios deste couto participaban nas pagas reais alternativamente cos de Adai, sen ningunha excepción, así como noutras gabelas e cargas: bagaxes, recrutamento de soldados, previo despacho e convocatoria realizado desde a capitabilidade da xurisdición

